Sobre as intencións do Goberno galego referidas á retirada das especialidades de Pedagogía Terapéutica (PT) e de Audición e Linguaxe (AL) do catálogo de persoal dos centros de infantil e primaria, e, se é o caso, as razóns desta medida e a súa opinión respecto da suficiencia dos mestres delas que hai no ensino público

- 58440 - 57229 (10/PRE-017832)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre as razóns da demora e os prazos previstos polo Goberno galego para o remate das obras e a posta en funcionamento da estación meteorolóxica de Cospeito, así como a valoración que fai do estado en que aquelas se atopan á entrada da lagoa

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Luca Chao Perez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

As educadoras sociais de Galicia levan tempo reclamando o recoñecemento da súa categoría profesional **tanto na administración, dentro da Relación de Postos de Traballo (RPT), como a nivel privado**. A figura da Educadora e do Educador Social en Galicia e en España é froito da combinación de tres históricas ocupacións: as educadoras e educadores especializadas/os, as animadoras e animadores socioculturais e as educadoras e educadores de persoas adultas, todas elas diferentes pero converxentes, na medida en que a súa actividade profesional tivo un papel activo na educación non formal, na educación de persoas adultas, a inserción de persoas en risco de exclusión social e persoas con diversidade funcional así como na acción socioeducativa.

Esta figura profesional foi ampliando a súa cobertura de acción, asumindo unha amplitude de funcións que evolucionaron e matizáronse nas últimas décadas co fin de construír unha identidade profesional da Educación Social.

O recoñecemento da Educación Social produciuse no ano 1991 co Real Decreto 1420/1991 que recolle o deseño curricular das formacións da diplomatura universitaria de educación social, segundo a reforma universitaria do ano 1981, para os campos da educación non formal, adultos (incluía a terceira idade) a inserción das persoas inadaptadas e con diversidade funcional así como a acción socioeducativa (R.D. 1420/1991, BOE do 10 do outubro).



A titulación de Educación Social impartiuse por primeira vez nas Universidades galegas no curso 1994/1995. Ata este momento, tituláronse en Educación Social en Galicia máis de 4300 persoas.

En Galicia, coa lei 1/2001 do 22 de xaneiro aprobouse a creación do Colexio de educadores Sociais de Galicia. Esta lei creou a corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins con ámbito dentro de todo o territorio galego. Nela tamén se recollen os supostos de incorporación ao citado colexio e os requisitos mínimos para exercela profesión.

O Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia traballa por ter un **recoñecemento na Administración Pública** onde se recolla nos decretos relacionados co ámbito social, como é o caso do Decreto de Servizos Sociais. Tamén esixe que contemple a figura de educador/a social.

Ante a próxima convocatoria de oferta de emprego público da Xunta de Galicia atopámonos que inclúe 86 postos de “Educador/a”, sen especificar.

A Lei de Emprego Público de Galicia (2015), ao establecer as escalas e especialidades do persoal da administración autonómica, obvia a denominación “Educador/a social”, continuando coa antiga denominación do posto “Educador/a” e emparellándoo con titulacións diversas, ademais da de Educación Social. As outras titulacións admitidas para estes postos teñen recoñecida sen embargo de xeito paralelo a súa especialidade propia, coa denominación e requisitos correctos e acordes á realidade académica.

As educadoras sociais teñen que prestar servizos en ámbitos tan fundamentais como a sanidade ou a educación. No primeiro caso, tanto nas unidades de coidados paliativos a domicilio como nas unidades de saúde mental. E na área de educación, sería moi necesario introducir esta figura nos centros educativos,



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

tanto en primaria como secundaria, xunto co equipo de orientación, axudando nas problemáticas ou situacións de fracaso escolar, adquisición de habilidades, desestruturación familiar, igualdade, prevención de acoso, etc.

A pesar de ser hoxe unha profesión consolidada, definida e identificable, enfróntase a unha serie de problemas que se derivan dun principal, que é a falta do debido recoñecemento por parte das administracións públicas. É necesario tomar medidas para reverter canto antes esta situación e a Xunta ten que dar exemplo recoñecendo a categoría profesional “Educador/a Social”.

Por estes motivos, presentamos as seguintes preguntas:

1. Vai recoñecer a Xunta de Galicia na convocatoria da OPE de Educador/a da Xunta, que está próxima a publicarse, a categoría “Educador/a Social”, recollendo como único requisito académico de acceso a titulación universitaria de “Educación Social” (diplomatura ou grao) ou habilitación profesional como educador/a social?
2. Vai modificar a Lei de Emprego Público para adaptala á realidade académica, de xeito que se elimine a denominación “Educador/a” e pase a ser “Educador/a Social”?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2019 13:56:51
Nº Rexistro: 58406
Data envío: 04/11/2019 13:56:51.148

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 04/11/2019 13:52:09

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/11/2019 13:52:25

Luca Chao Pérez na data 04/11/2019 13:52:40

CSV: BOPGDSPGjy0xE2Mzk8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Ánxeles Cuña Bóveda, Carmen Santos Queiruga e Marcos Cal Ogando, deputadas e deputado do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª**.

O papel das administracións municipais é fundamental na loita contra as violencias machistas, así como a coordinación coas administracións autonómica e estatal. O pasado 15 de outubro, o alcalde de Ourense, anunciou a decisión do Goberno municipal de abandonar o sistema VioGén, que impulsa o Ministerio do Interior para o seguimento integral dos casos de violencias machistas, e a consecuente retirada da Policía local da cidade deste protocolo de prevención e control. En concreto, a Policía Local levaba no momento de producirse o anuncio, o seguimento de 31 mulleres, mentres que a Policía Nacional faise cargo de 111 casos de vítimas de violencia machista. De levarse a cabo, a decisión anunciada, a Policía Nacional e a unidade adscrita á Xunta terían que se facer cargo dos casos de protección ás vítimas que asumía a Policía Local.

O rexedor ourensán anunciou ademais o peche da oficina de denuncias da propia Policía Local, permanecendo aberta unicamente a oficina de denuncias da Comisaría da Policía Nacional.

Porén ao día seguinte, o alcalde de Ourense anunciaba unha rectificación, negando que fora a abandonar o sistema VioGén e integrando ao Policía Local, dedicado a este servizo, no cadrante da Policía Nacional.



Cómpre lembrar que tamén aludindo falta de persoal, en xuño de 2017 o Concello ourensán anunciara o abandono do programa VioGén. Menos dun ano despois, en abril de 2018, o goberno municipal comunicaba á Xunta Local de Seguridade que volvía asumir as competencias.

O Sistema de Seguimento Integral nos casos de Violencia de Xénero (Sistema VioGén), da Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior, púxose en funcionamento o 26 de xullo de 2007, en cumprimento do establecido na “Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género”.

Trátase dun servizo que se basea na relación de confianza entre a muller vítima e a policía. Ademais, para detectar calquera posible achegamento ou cambio de actitude dun agresor, é precisa unha vixilancia e observación policial continua do entorno da vítima.

Este anuncio produciuse nun momento no que, segundo o comisario da Policía Nacional, Juan Carlos Blázquez, aumentaron os delitos de violencia machista en Ourense un 28% con respecto ao ano anterior.

Este baile de anuncios contraditorios reflexa un problema de fondo, unha situación que ademais vén de longo no Concello de Ourense: a improvisación das políticas municipais de prevención da violencia machista, a falta de coordinación entre administracións, a falta de medios que provoca que un só axente teña que atender a máis de 30 mulleres; en suma, unha grave irresponsabilidade nun asunto tan crucial como a protección das vítimas de violencia machista coa fin de evitar máis agresións e asasinatos.

Por todo o exposto, preséntanse as seguintes preguntas:



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

1. Considera a Xunta de Galicia que existe unha coordinación adecuada entre administracións para a aplicación efectiva do programa VioGén en Ourense?
2. Vai incrementar a Xunta de Galicia os recursos que dedica a este programa coa fin de que poida haber unha protección real cara as mulleres vítimas de violencia machista?
3. Que valoración fan do anuncio do actual alcalde de Ourense?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo
Ánxeles Cuña Bóveda
Carmen Santos Queiruga
Marcos Cal Ogando

Deputadas e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 04/11/2019 15:37:46

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/11/2019 15:37:58

Carmen Santos Queiruga na data 04/11/2019 15:38:24





GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Marcos Cal Ogando na data 04/11/2019 15:38:35

Á Mesa do Parlamento

Martin Fernández Prado, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Sandra Vázquez Domínguez, Carlos Gómez Salgado, Maribel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Encarna Amigo Díaz ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en comisión 4ª Educación e Cultura.**

A Xunta de Galicia ven colaborando co Sistema Universitario Galego (SUG) dun xeito constante e continuo na mellora da calidade do ensino universitario en Galicia.

Estamos en pleno desenvolvemento do Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020, dotado con preto de 2.480 millóns de euros, o que supón un incremento de case un 18% -373 millóns máis- con respecto á cantidade inicial fixada no plan anterior. Unha financiación pública cun importantísimo incremento de fondos públicos para os próximos anos que sen dubida axudaran a acadar aínda mellores resultados e mellorar a formación do SUG.

Ademais deste importante e estable incremento financeiro, a Xunta de Galicia esta a desenvolver un completo Plan de Excelencia do SUG. Este plan está composto por un conxunto de medidas para incrementar a calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG) no trienio 2018-2020. Trátase de 10 accións de mellora da calidade do sistema – previstas no plan de financiamento ata 2020– tanto a nivel estrutural como a nivel de alumnado e profesorado.

Froito destes plans e accións que os desenvolven, esta mellora vense acadando de xeitos moi distintos, pero evidentemente, algún dos seus piares básicos son a mellora da calidade da docencia, a mellora dos medios a disposición do alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos, a continua mellora e ampliación de equipamentos, entre outros moitos.

E evidente que os aspectos humanos, tanto en calidade como en número ou ratio profesor/alumno, son aspectos troncais da educación a calquera nivel e tamén na educación universitaria.

Por elo, os deputados e deputadas asinantes, presentan a seguinte pregunta oral en comisión:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



1. Cal é a evolución na última década do alumnado e do profesorado universitario galego?
2. É importante o aumento da idade media do profesorado?

Santiago de Compostela, 04 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 04/11/2019 18:27:53

Maria Antón Vilasánchez na data 04/11/2019 18:28:10

Teresa Egerique Mosquera na data 04/11/2019 18:28:24

Sandra Vázquez Dominguez na data 04/11/2019 18:28:40

Carlos Gómez Salgado na data 04/11/2019 18:29:03

María Isabel Novo Fariña na data 04/11/2019 18:29:17

Antonio Mouriño Villar na data 04/11/2019 18:29:33

María Encarnación Amigo Díaz na data 04/11/2019 18:30:17

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa do Parlamento

Martin Fernández Prado, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Sandra Vázquez Domínguez, Carlos Gómez Salgado, Maribel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Encarna Amigo Díaz ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en comisión 4ª Educación e Cultura.**

A Xunta de Galicia ven colaborando co Sistema Universitario Galego (SUG) dun xeito constante e continuo na mellora da calidade do ensino universitario en Galicia.

Ademais dun importante Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020 que define un financiamento estable e maior que no anterior, a Xunta de Galicia esta a desenvolver un completo Plan de Excelencia do SUG. Este plan está composto por un conxunto de medidas para incrementar a calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG) no trienio 2018-2020. Trátase de 10 accións de mellora da calidade do sistema – previstas no plan de financiamento ata 2020– tanto a nivel estrutural como a nivel de alumnado e profesorado.

Estes planes propoñen medidas que veñen a premiar a excelencia académica. Os premios á Excelencia Académica (que acaban de concederse por vez primeira) teñen por obxectivo premiar ao alumnado máis excelente do SUG curso a curso. Está destinada a estudantes de 1º, 2º e 3º curso de grao que superen, en primeira convocatoria, a totalidade dos créditos programados para ese curso. Deberán contar cunha nota media igual ou superior a 8 puntos xa que para os de 4º curso xa existen os Premios Fin de Carreira.

Por elo, os deputados e deputadas asinantes, presentan a seguinte pregunta en oral en comisión:

-Que medidas ten tomado a Xunta de Galicia para recompensar o esforzo académico do estudiantado universitario?



Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 04/11/2019 18:39:39

Maria Antón Vilasánchez na data 04/11/2019 18:39:56

Teresa Egerique Mosquera na data 04/11/2019 18:40:11

Sandra Vázquez Domínguez na data 04/11/2019 18:40:25

Carlos Gómez Salgado na data 04/11/2019 18:40:45

María Isabel Novo Fariña na data 04/11/2019 18:41:05

Antonio Mouriño Villar na data 04/11/2019 18:41:18

María Encarnación Amigo Díaz na data 04/11/2019 18:41:35

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGjy0xEZmzk8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López e María Teresa Porrit Lueiro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Galicia ten dúas linguas, galego e castelán. Tamén ten unha Lei de normalización lingüística dende o 15 de xuño de 1983. O artigo 7.3 da lei dispón que a Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos correspondentes, a progresiva normalización do uso do galego na Administración de Xustiza e o 7.2 que a parte ou interesado/a terá dereito a que se lle notifique na lingua oficial que elixa. O que significa que tamén ten dereito a solicitar que os órganos xurisdiccionais diten sentenzas en galego. Cremos que o poderían facer as persoas que compoñen a Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

Porque o uso da lingua galega na Xustiza é absolutamente residual e non hai datos oficiais actualizados, nin sequera cando se lle piden expresamente ao Goberno. Así o ten feito este Grupo Parlamentario, obtendo como resposta vaguidades:

- 1) O servizo de tradución corre a cargo dos equipos lingüísticos existentes na sede do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, así como nas sedes das audiencias provinciais de Pontevedra, Lugo e Ourense. Tamén existen outros equipos de apoio nos decanatos dos xulgados de Santiago e de Vigo e un departamento de coordinación dos equipos lingüísticos na Dirección Xeral de Xustiza. Estes profesionais non só traducen, senón que tamén desenvolven tarefas de asesoramento, resolución de dúbidas ou elaboración de material de consulta.
- 2) No que atinxe á actividade dos letrados e letradas da Xunta de Galicia, coidarase especialmente que as actuacións da Asesoría Xurídica que se produzan fronte aos órganos xurisdiccionais radicados no territorio de Galicia se realicen en galego.



- 3) Por último, no que se refire a sentenzas e documentación xudicial, a xestión e custodia destes documentos corresponde ao Consello Xeral do Poder Xudicial.

Resulta cando menos curioso que, pese a telo aprobado como proposta de resolución no Debate do Estado de Autonomía do ano 2018, ningunha partida dos Orzamentos para 2020 faga referencia, conforme mesmo recomenda o IV Informe do Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias. Unha partida inexistente dificilmente vai facer cumprir estas propostas.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

- 1) Cumpre o Goberno da Xunta de Galicia a Lei de normalización lingüística, de 15 de xuño de 1983, en relación á Xustiza?
- 2) Ten datos o Goberno de cantas sentenzas se teñen ditado en galego en Galicia dende o ano 2009 ata o día de hoxe? Ten intención de telos? E de publicalos?
- 3) Cantas demandas en galego ten presentado o persoal da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia dende o ano 2009 ata o día de hoxe?
- 4) Cantos escritos de acusación en galego ten presentado o Goberno da Xunta de Galicia, como acusación particular, dende o ano 2009 ata o día de hoxe?
- 5) Como coida o Goberno que as actuacións da Asesoría Xurídica que se producen fronte aos órganos xurisdicionais radicados no territorio de Galicia se realicen en galego?

Pazo do Parlamento, 4 de novembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
María Teresa Porritt Lueiro
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/11/2019 16:20:20

Maria de la Concepción Burgo López na data 05/11/2019 16:20:31

María Teresa Porritt Lueiro na data 05/11/2019 16:20:42



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Nas memorias dos orzamentos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, e no relativo ao programa 422E – Ensinanzas artísticas, podemos ler que a consellaría tenta garantir que a oferta realizada ao seu alumnado se concrete no máis amplo abano de ensinanzas artísticas para que completen a súa formación, cunhas instalacións adecuadas.

Con respecto a isto último, segundo a propia consellería, en materia de infraestruturas tense estudado a situación das ensinanzas artísticas na comunidade autónoma apreciándose como demandas máis relevantes as seguintes:

1. Demanda de reparacións, ampliacións e melloras nos centros de ensinanzas artísticas.
2. Demanda de novas dotacións e equipamentos e reposición do material deteriorado.

Pese ao anterior, e analizando as execucións orzamentarias dos anos 2016, 2017 e 2018 en relación co orzamentado inicialmente, temos as seguintes evidencias, en miles de euros:

	2016	2017	2018	TOTAL
Crédito inicial	33.601	36.083	36.932	106.616
Obrigas recoñecidas	29.085	30.417	32.060	91.562
Diferenza	4.516	5.666	4.872	15.054

É dicir, nos anos 2016, 2017 e 2018 e con respecto ás previsións iniciais, as cantidades destinadas ás ensinanzas artísticas reducíronse en 15.054.000 € o que supón un 16,44 %.

Nos orzamentos do ano 2019, dos que aínda non se coñece o grao completo de execución figuran 38.638.000 € e nos que se están a tramitar nestas datas para o ano 2020, a cantidade é de 39.852.380 €.



Paralelamente ao anterior, no Conservatorio Superior de Música de Vigo existen desde hai varios cursos serios problemas de mantemento que dificultan o normal desenvolvemento das actividades docentes; pingueiras (a finais do mes de outubro houbo inundacións nos edificios), deficiencias nas aulas, malas condicións acústicas e térmicas (estas últimas obrigan ao alumnado a empregar luvas aínda que estean a practicar cos seus instrumentos musicais) e carencia de material instrumental e didáctico adecuado.

Non debemos esquecer que este centro e o Conservatorio Superior de Música da Coruña, son os únicos de grao superior da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais, imparte un elevado número de especialidades; Canto, Clarinete, Contrabaixo, Fagot, Fruta traveseira, Guitarra, Instrumento de corda pulsada do renacemento e barroco, Instrumento de música tradicional e popular, Oboe, Percusión, Piano, Saxofón, Trombón, Trompa, Trompeta, Tuba, Viola, Viola de gamba, Violín, Violoncello, Etnomusicoloxía, Musicoloxía histórica, Pedagogía xeral e da linguaxe musical e Composición, o que dá boa proba da importancia deste centro superior.

Resulta moi preocupante o grao de abandono no que os responsables da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional teñen sumido a este centro e máxime cando, como se expuxo antes, existe capacidade orzamentaria para atender a totalidade das necesidades que presenta. Por iso o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que as demandas de reparacións, ampliacións e melloras e de equipamento didáctico que se presentan dende o Conservatorio Superior de Música de Vigo están sendo atendidas adecuadamente?

2ª) Ten previsto realizar de xeito inmediato as actuacións necesarias para adecuar as instalacións deste centro superior aos estándares aceptables dun centro destas características, así como dotalo do equipamento didáctico necesario?

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/11/2019 11:45:16

Maria de la Concepción Burgo López na data 06/11/2019 11:45:31





Patricia Vilán Lorenzo na data 06/11/2019 11:45:50



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Teresa Porritt Lueiro e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Só con botar unha ollada ao Proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o exercicio 2020 apréciase o pouco investimento da Xunta de Galicia no deporte galego. Nestes últimos anos de Goberno do presidente Feijóo, o deporte galego ten perdido un 40 % de orzamento con relación ao ano 2009, redución que non encaixa coa relevancia social da práctica deportiva e do impacto económico e saudable do propio sector e con especial intensidade tamén en materia de investimentos.

En maio do ano pasado, a Comisión 1ª do Parlamento de Galicia aprobaba unha proposición non de lei deste grupo parlamentario para que a Xunta de Galicia realizase un estudo dos custos reais do exercicio das competencias delegadas nas federacións deportivas como consecuencia da Lei do deporte de Galicia de 2012, e coa fin de permitir adecuar a financiación destes custes á realidade das disciplinas deportivas, valorando o establecemento de marcos plurianuais de financiación que poidan así facilitar ás federacións a realización de orzamentos reais. Ocorre que, debido a dita lei, as federacións deben aprobar os orzamentos do seguinte exercicio económico durante o último trimestre do ano anterior cando, moitas veces, non coñecen nin reciben as subvencións anuais.

Este grupo descoñece ata que punto a dita proposición non de lei foi cumprida polo Goberno galego e segue a considerar que cómpre mellorar o financiamento do deporte na nosa comunidade, pese aos anuncios dando luz verde a convenios de colaboración anuais que fai a Secretaría Xeral para o Deporte cada ano.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que ten previsto facer o Goberno galego para mellorar o financiamento do deporte en Galicia?
2. Ten elaborado o Goberno o estudo dos custos reais do exercicio das competencias delegadas nas federacións deportivas como consecuencia da Lei do deporte de Galicia de 2012, que fora acordado o 15 de maio de 2018



na Comisión 1ª do Parlamento? Se a resposta fose positiva, cales foron os resultados de dito estudo?

3. Vai elaborar o Goberno un plan específico para a recuperación dos orzamentos perdidos polo deporte galego nas tres últimas lexislaturas?
4. Vai establecer o Goberno marcos plurianuais de financiación que permitan facilitar ás federacións a realización de orzamentos reais e que aseguren a suficiencia económica do deporte galego?
5. Vai elaborar o Goberno un plan que permita estimular a aportación de fondos da empresa privada?

Pazo do Parlamento, 5 de novembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Teresa Porritt Lueiro
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/11/2019 12:22:07

María Teresa Porritt Lueiro na data 06/11/2019 12:22:39

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/11/2019 12:23:52



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5.^a**

Até en tres ocasións crianzas da escola infantil A Choupana, en Cangas, se viron afectadas por unha intoxicación alimentaria neste outono. Non se trata dun caso illado.

No caso da Choupana, crianzas sufriron dúas intoxicacións en outubro e unha en novembro, en días nos que o menú foi diferente, pero a reacción tóxica similar.

O día 18 de outubro foron afectadas por intoxicacións varias escolas infantís da rede Galiña Azul, dependentes do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, tanto en Cangas como na provincia da Coruña. A Consellería de Sanidade confirmou que a causa fora o menú inxerido, consistente en peixe –palometa– que contería histamina, considerando a Xunta que a causa máis probable para a presenza desta substancia sería a ruptura de cadea de frío do peixe.

Ademais, tamén se produciron intoxicacións en centros educativos de primaria e secundaria por causa de palometa en mal estado.

Da cociña e xestión de compras de alimentos de todas as escolas afectadas se encarga a mesma empresa.

Sen embargo, as outras dúas intoxicacións alimentarias similares na escola da Choupana, en Cangas, producíronse en días nos que o menú non contiña palometa.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral na Comisión 5.^a:



- Cal foi o resultado das investigacións levadas a cabo sobre as intoxicacións?
- Que inspeccións sobre os centros e a empresa encargada da cociña se levaron a cabo?
- Que medidas vai tomar a Xunta para que estas situacións non se volvan producir?
- Ten previsto a Xunta apostar pola dotación de cociña propia, que se abasteza con produtos do entorno, en todas as escolas infantís que dependen dela?
- Cal é a empresa responsable destas intoxicacións?
- Vai a Xunta sancionar e rescindir o contrato do servizo coa empresa responsable?
- Cantas crianzas e centros se viron afectados por estas intoxicacións?
- Vaise informar con detalle ás familias das crianzas afectadas?
- Que medidas se tomaron para evitar a distribución do lote de peixe afectado?

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.





Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 06/11/2019 14:01:34



A Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Jackeline E. Fernández Macías e Raquel Arias Rodríguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

No pasado mes de Outubro, téñense publicado no Diario Oficial de Galicia tres decretos desenvolvendo a Lei 1/2018 de modificación da Lei de Saúde de Galicia, no referente á estrutura territorial, e tamén á estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

No primeiro deles, regúlanse as áreas e distritos sanitarios do sistema público de saúde, establecendo a súa organización e ámbito de actuación.

Asemade, contéplase a creación dunha dirección de Atención Primaria, no mesmo nivel que a dirección de Asistencia Hospitalaria, e tamén os órganos colexiados na estrutura das áreas sanitarias.

Especifícanse de xeito claro as funcións de cada unha desas direccións, así como das direccións de distrito e da composición e funcións dos órganos colexiados correspondentes.

Dentro destes órganos colexiados inclúese a Comisión de Atención Primaria da Área, que inclúe a presenza dos Xefes de Servizo dos distintos centros de Saúde.

No decreto de estrutura do SERGAS, contéplase tamén a existencia da Subdirección Xeral de Atención Primaria, que inclúe os servizos de Atención Primaria, de Saúde Mental e de Coordinación Sociosanitaria.



Polo exposto, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Que cambios poden supoñer para a asistencia sanitaria e, nomeadamente, para a Atención Primaria as novas estruturas territoriais e orgánica do Servizo Galego de Saúde?

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 06/11/2019 14:12:24

María Encarnación Amigo Díaz na data 06/11/2019 14:12:52

María Ángeles Garcia Míguez na data 06/11/2019 14:13:08

Marta Rodriguez Arias na data 06/11/2019 14:13:20

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 06/11/2019 14:13:38

María Soraya Salorio Porral na data 06/11/2019 14:14:09

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 06/11/2019 14:14:19

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 06/11/2019 14:14:39

Raquel Arias Rodríguez na data 06/11/2019 14:14:50



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Diversos traballadores do sector do taxi en Galicia téñense posto en contacto con este grupo parlamentario para trasladar a súa preocupación polos retrasos que están a sufrir na tramitación administrativa que depende da Xunta de Galicia cando toman a decisión de substituír un vehículo.

O Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia foi ditado, entre outras premisas, sobre a necesidade de facer efectiva unha coordinación interadministrativa dado que a prestación dos servizos de taxi está suxeita á obtención previa dos correspondentes títulos administrativos que habilitan ás persoas titulares para exercer a dita actividade, que son a licenza municipal a autorización interurbana.

Preténdese que, mediante o procedemento establecido, se acade unha maior axilidade e simplificación dos trámites necesarios.

En xeral, e con pequenas diferenzas, as distintas ordenanzas municipais establecen que a documentación que deben levar a bordo os vehículos é a seguinte:

1. Licenza de taxi
2. Permiso de circulación do vehículo
3. Tarxeta de inspección técnica do vehículo en vigor
4. Boletín de control metrolóxico
5. Póliza e recibo de pago do seguro de responsabilidade civil
6. Permiso de conducir
7. Permiso municipal de condutor de taxi
8. Autorización interurbana de transportes
9. Libro de reclamacións
10. Plano e rueiro da localidade

A maior parte da documentación anterior está vinculada ao vehículo e cando se produce a substitución débese tramitar a correspondente ao novo. Procedemento



que como é obvio se debe realizar de forma simultánea, é dicir, non debe existir ningún documento no novo vehículo que corresponda ao substituído.

O artigo 31 do dito Decreto 103/2018, relativo á substitución de vehículos establece que as persoas titulares de títulos habilitantes para prestar o servizo de taxi poderán substituír o vehículo adscrito a estes, seguindo para tal fin o procedemento coordinado previsto na sección 1ª do capítulo II, e é precisamente na parte que corresponde á Xunta de Galicia dentro dese procedemento coordinado no que se están a producir retrasos que supoñen un grave trastorno para o normal desenvolvemento da actividade por parte das persoas que traballan neste sector.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Coñece a Xunta de Galicia os retrasos que se están a producir na tramitación da documentación necesaria cando se produce unha substitución dun vehículo afecto a unha licenza de taxi?

2ª) Existe algún problema na plataforma informática empregada que dea lugar a eses retrasos?

3ª) Ten feito algunha avaliación da implementación do procedemento coordinado desde a publicación do Decreto 103/2018, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia?

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/11/2019 14:00:24

María Luisa Pierres López na data 06/11/2019 14:00:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

Os partidos xudiciais do Estado que contan con 8 ou máis xulgados de instrución poden prestar un servizo de garda diario de 24 horas. Desde que o 18 de marzo do ano 2019 o partido xudicial de Córdoba se incorporou a este sistema, os partidos xudiciais de Coruña e Vigo son os únicos que contan con 8 xulgados de instrución e que teñen o sistema de gardas de 9 a 19 horas, de luns a venres, polo que sofren unha evidente discriminación a este respecto.

A implantación das gardas de 24 horas é unha reivindicación sindical unánime, compartida por todos os operadores xurídicos e acordada polas Xuntas de Xuíces e Xuízas de Instrución da Coruña e Vigo. Todos coinciden en que o establecemento deste sistema contribúe a mellorar a calidade da administración de Xustiza, xa que a permitiría crear un servizo diario continuado para poder acudir aos xulgados a interpor unha denuncia, axilizaría o funcionamento dos xulgados de garda, evitaría prolongacións de detencións innecesarias, etc.

O Regulamento 1/2005 de aspectos accesorios ás actuacións xudiciais prevé no seu artigo 59.5 o seguinte



“O Consello Xeral do Poder Xudicial poderá acordar, en atención ao volume de asuntos penais tramitados, á poboación correspondente ao territorio do partido xudicial, a proposta da Xunta de Xuíces e da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza correspondentes, previo informe do Ministerio de Xustiza e, no seu caso, da Comunidade Autónoma con competencia na materia, a extensión do réxime de gardas establecido nos artigos 57 e 58 deste Regulamento a un ou varios partidos xudiciais con 8 ou máis Xulgados de Instrución.”

Cómpre ter en conta que as Xuntas de Xuíces e Xuízas dos partidos xudiciais de Vigo e Coruña xa adoptaron o pasado mes de maio o acordo polo que se solicita á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza o inicio dos trámites para a creación do servizo de garda de 24 horas. Para que se poida facer efectiva, é necesario o informe previo favorábel da Xunta de Galiza, que non consta que se teña producido a pesar do tempo transcorrido. Resulta cando menos chocante que o PP manifestase o pasado mes de setembro, no debate parlamentario dunha iniciativa do PsdG-PSOE sobre este mesmo tema, que non tiñan coñecemento da citada petición.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

1. Ten coñecemento a Xunta de Galiza do acordo das Xuntas de Xuíces e Xuízas dos partidos xudiciais de Coruña e Vigo a respecto polo que se pide a modificación do sistema de gardas e o establecemento de gardas de 24 horas?

2. Desde cando ten coñecemento oficial deste acordo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Ten previsto o goberno galego atender esta demanda e emitir informe favorábel ao respecto?

3. Ten previsto o goberno galego convocar proximamente a comisión mixta de Xustiza para tratar este tema e outras necesidades urxentes da administración de xustiza en Galiza?

4. Ten previsto a Xunta de Galiza dotar nos orzamentos de 2020 as partidas necesarias para asumir a parte que lle corresponde no financiamento da citada ampliación das gardas?

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 06/11/2019 16:43:38

María Montserrat Prado Cores na data 06/11/2019 16:43:46

Noa Presas Bergantiños na data 06/11/2019 16:43:55

Olalla Rodil Fernández na data 06/11/2019 16:44:05

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/11/2019 16:44:12

Ana Pontón Mondelo na data 06/11/2019 16:44:20



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A UE é o segundo maior produtor de plásticos do mundo, con preto de 50 millóns de toneladas anuais. O 32 % de todo o plástico que utilizamos os seres humanos acaba na natureza. Calcúlase que cada ano 8 millóns de toneladas de plástico chegan a mares e océanos, polo que o Foro Económico Mundial informa que en 2050 no mar haberá máis plásticos que peixes. Segundo a ONG “Greenpeace”, os plásticos representan o 80% do total dos residuos mariños. A cantidade de residuos plásticos no mar non para de medrar e iso afecta aos ecosistemas mariños, á biodiversidade e tamén á saúde humana.

A comunidade científica advirte sobre o perigo para o medio ambiente (e con toda probabilidade para o home) polo paso de microplásticos a través das cadeas alimentarias. Ninguén discute xa que estes residuos plásticos son o principal perigo para os mares de todo o mundo. Tanto que o 9 de xullo deste ano, o Pleno do Parlamento aprobaba por unanimidade unha proposición non de lei deste grupo parlamentario instando á Xunta de Galicia á adopción de medidas inmediatas para reducir a presenza de residuos mariños nas praias e fondos mariños de Galicia, mais non é suficiente: hai países que xa están a avanzar moito máis, desenvolvendo programas de recollida e recuperación de residuos mariños. Así, en Grecia, a organización “Enaleia” é un referente: “Recollemos unha lata de coca-cola cunha cor moi rara e vimos que caducara en 1987. Esa cousa estivera no mar ata 30 anos. Sorprendeunos, pero máis nos sorprendeu ver que un mariñeiro a guindaba de novo ao mar”.

Nestes últimos anos, a organización “Enaleia ten comezado un ambicioso programa con mariñeiros gregos, dando incentivos financeiros para que, cando os mariñeiros atopen residuos nas súas redes, non os guinden senón que os devolvan a terra para seren reciclados (toneladas de residuos plásticos e redes elimínanse agora das costas gregas cada mes). A organización ten tamén un plan para a súa reciclaxe: Redes, cordas e semellantes son enviados a plantas de reciclaxe para se converter en calcetíns, traxes de baño, parkas e outras cousas útiles e plásticos, latas e outros residuos son depositados nunha liña de reciclaxe.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Está preocupado o Goberno galego pola afectación dos residuos plásticos aos nosos ecosistemas mariños?
2. Ten previsto desenvolver o Goberno programas de recollida e recuperación de residuos mariños dando incentivos financeiros ao sector do Mar para que, cando os mariñeiros atopen residuos nas súas redes, os devolvan a terra para seren reciclados? Cando?
3. Vai reservar o Goberno unha partida orzamentaria específica para o exercicio 2020?
4. Ten previsto o Goberno desenvolver campañas de información e sensibilización a tal fin? Cando?
5. Ten previsto o Goberno elaborar un plan específico para a reciclaxe de todos os obxectos recollidos no mar?

Pazo do Parlamento, 06 de novembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/11/2019 17:06:31

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/11/2019 17:06:40

María Luisa Pierres López na data 06/11/2019 17:06:48



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 6.^a**, relativa ás expectativas de creación de postos de traballo da Mina de Touro, O Pino.

Dende o momento da presentación do “Proyecto Touro” por parte de Cobre San Rafael, o 25 de agosto de 2017, a empresa fixo bandeira dos postos de traballo que afirma vai crear o proxecto. Non obstante, o dato relativo ao emprego presentado pola empresa peca de escurantismo, falta de concreción e incluso de contradicións.

No proxecto presentado inicialmente indica que creará 418 empregos directos na fase I (os 3 primeiros anos, nos que extraerá 5 Mt/ano) e 391 na fase II (resto dos anos ata o 14, nos que extraerá 8Mt/ano).

3.7 Personal

La siguiente tabla muestra la estimación del personal necesario para la realización de la actividad minera, diferenciando entre Fase 1 (producción de 5 Mt/año) y Fase 2 (producción de 8 Mt), con las necesarias garantías en la disciplina de Seguridad y Salud de los trabajadores así, como en el cumplimiento obligatorio de la legislación en materia laboral. Se ha tenido en cuenta también una incorporación mínima de empleo femenino del 15% sobre la plantilla total de la empresa estableciendo programas de igualdad para aumentar este número al máximo posible según necesidades organizativas de la empresa.

PERSONAL PROPIO	FASE I	FASE II
Operaciones mineras	238	179
Planta de tratamiento de mineral	96	128
Planta de tratamiento de agua	15	15
Laboratorio	23	23
Administración	10	10
Compras – Almacén	10	10
Medio Ambiente	5	5
Seguridad y salud	6	6
Guardería	15	15
TOTAL	418	391

Tabla 4. Tabla resumen de personal directo



Non obstante, o proxecto inicial é acompañado por unha serie de anexos, e nun deles, de carácter económico, realízase unha análise input-output empregando os datos marco input-output publicado no 2011 para a economía galega (MIOGAL 2011), xunto coas inversións que a empresa prevé facer (215 millóns nun horizonte de 18 meses, que supoñendo linealidade, corresponderíanse con 143.5 millóns en 12 meses). Esa análise leva a empresa a afirmar:



	Nº de empleados	
Empleo PTE Directo	500	
Empleo PTE Indirecto	1.064	
Empleo PTE Total	1.564	10,8927

Fuente: Elaboración propia, a partir del MIOGAL 2011

En resumen, la inversión prevista puede generar y/o mantener durante el primer año de hasta un máximo de 1.564 puestos de trabajo, 500 directos y 1064 indirectos. A esta cifra habría que añadir los empleos inducidos por las rentas y el consumo que realicen en la zona los nuevos empleos generados directa e indirectamente. Algo muy difícil de

A evidente contradición entre o dato proporcionado no proxecto (418 postos de traballo na Fase I) e as estimacións aportadas no estudo de impacto económico que acompañaba a ese proxecto, 500 postos de traballo directos (e 1064 indirectos), foi recollida nas alegacións da Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) presentadas a principios de novembro de 2017.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Paula Quinteiro Araújo, Ánxeles Cuña Bóveda, Carmen Santos Queiruga e Marcos Cal Ogando, deputadas e deputado do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O papel das administracións municipais é fundamental na loita contra as violencias machistas, así como a coordinación coas administracións autonómica e estatal. O pasado 15 de outubro, o alcalde de Ourense, anunciou a decisión do Goberno municipal de abandonar o sistema VioGén, que impulsa o Ministerio do Interior para o seguimento integral dos casos de violencias machistas, e a consecuente retirada da Policía local da cidade deste protocolo de prevención e control. En concreto, a Policía Local levaba no momento de producirse o anuncio, o seguimento de 31 mulleres, mentres que a Policía Nacional faise cargo de 111 casos de vítimas de violencia machista. De levarse a cabo, a decisión anunciada, a Policía Nacional e a unidade adscrita á Xunta terían que se facer cargo dos casos de protección ás vítimas que asumía a Policía Local.

O rexedor ourensán anunciou ademais o peche da oficina de denuncias da propia Policía Local, permanecendo aberta unicamente a oficina de denuncias da Comisaría da Policía Nacional.

Porén ao día seguinte, o alcalde de Ourense anunciaba unha rectificación, negando que fora a abandonar o sistema VioGén e integrando ao Policía Local, dedicado a este servizo, no cadrante da Policía Nacional.

Cómpre lembrar que tamén aludindo falta de persoal, en xuño de 2017 o Concello ourensán anunciara o abandono do programa VioGén. Menos dun ano



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

despois, en abril de 2018, o goberno municipal comunicaba á Xunta Local de Seguridade que volvía asumir as competencias.

O Sistema de Seguimento Integral nos casos de Violencia de Xénero (Sistema VioGén), da Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior, púxose en funcionamento o 26 de xullo de 2007, en cumprimento do establecido na “Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género”.

Trátase dun servizo que se basea na relación de confianza entre a muller vítima e a policía. Ademais, para detectar calquera posible achegamento ou cambio de actitude dun agresor, é precisa unha vixilancia e observación policial continua do entorno da vítima.

Este anuncio produciuse nun momento no que, segundo o comisario da Policía Nacional, Juan Carlos Blázquez, aumentaron os delitos de violencia machista en Ourense un 28% con respecto ao ano anterior.

Este baile de anuncios contraditorios reflexa un problema de fondo, unha situación que ademais vén de longo no Concello de Ourense: a improvisación das políticas municipais de prevención da violencia machista, a falta de coordinación entre administracións, a falta de medios que provoca que un só axente teña que atender a máis de 30 mulleres; en suma, unha grave irresponsabilidade nun asunto tan crucial como a protección das vítimas de violencia machista coa fin de evitar máis agresións e asasinatos.

Por todo o anterior exposto preséntanse as seguintes preguntas:

1. Considera a Xunta de Galicia que existe unha coordinación adecuada entre



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

administracións para a aplicación efectiva do programa VioGén en Ourense?

2. Vai incrementar a Xunta de Galicia os recursos que dedica a este programa coa fin de que poida haber unha protección real cara as mulleres vítimas de violencia machista?
3. Que valoración fan do anuncio do actual alcalde de Ourense?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo
Ánxeles Cuña Bóveda
Carmen Santos Queiruga
Marcos Cal Ogando

Deputadas e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 04/11/2019 15:34:49

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/11/2019 15:35:01

Carmen Santos Queiruga na data 04/11/2019 15:35:15

Marcos Cal Ogando na data 04/11/2019 15:35:26



Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Xoaquín Fernández Leiceaga e Luis Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Cal é a relación exhaustiva dos graos implantados no Sistema Universitario de Galicia con indicación de número máximo de prazas ofertadas, o número de matriculados nos cursos 2017/18 e 2018/19 e o índice de empregabilidade de cada un deles ?

Pazo do Parlamento, 33 de outubro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Xoaquín Fernández Leiceaga
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 04/11/2019 16:41:01



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López e María Teresa Porrit Lueiro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Galicia ten dúas linguas, galego e castelán. Tamén ten unha Lei de normalización lingüística dende o 15 de xuño de 1983. O artigo 7.3 da lei dispón que a Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos correspondentes, a progresiva normalización do uso do galego na Administración de Xustiza e o 7.2 que a parte ou interesado/a terá dereito a que se lle notifique na lingua oficial que elixa. O que significa que tamén ten dereito a solicitar que os órganos xurisdiccionais diten sentenzas en galego. Cremos que o poderían facer as persoas que compoñen a Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

Porque o uso da lingua galega na Xustiza é absolutamente residual e non hai datos oficiais actualizados, nin sequera cando se lle piden expresamente ao Goberno. Así o ten feito este Grupo Parlamentario, obtendo como resposta vaguidades:

- 1) O servizo de tradución corre a cargo dos equipos lingüísticos existentes na sede do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, así como nas sedes das audiencias provinciais de Pontevedra, Lugo e Ourense. Tamén existen outros equipos de apoio nos decanatos dos xulgados de Santiago e de Vigo e un departamento de coordinación dos equipos lingüísticos na Dirección Xeral de Xustiza. Estes profesionais non só traducen, senón que tamén desenvolven tarefas de asesoramento, resolución de dúbidas ou elaboración de material de consulta.
- 2) No que atinxe á actividade dos letrados e letradas da Xunta de Galicia, coidarase especialmente que as actuacións da Asesoría Xurídica que se produzan fronte aos órganos xurisdiccionais radicados no territorio de Galicia se realicen en galego.
- 3) Por último, no que se refire a sentenzas e documentación xudicial, a xestión e custodia destes documentos corresponde ao Consello Xeral do Poder Xudicial.



Resulta cando menos curioso que, pese a telo aprobado como proposta de resolución no Debate do Estado de Autonomía do ano 2018, ningunha partida dos Orzamentos para 2020 faga referencia, conforme mesmo recomenda o IV Informe do Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias. Unha partida inexistente dificilmente vai facer cumprir estas propostas.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1) Cumpre o Goberno da Xunta de Galicia a Lei de normalización lingüística, de 15 de xuño de 1983, en relación á Xustiza?
- 2) Ten datos o Goberno de cantas sentenzas se teñen ditado en galego en Galicia dende o ano 2009 ata o día de hoxe? Ten intención de telos? E de publicalos?
- 3) Cantas demandas en galego ten presentado o persoal da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia dende o ano 2009 ata o día de hoxe?
- 4) Cantos escritos de acusación en galego ten presentado o Goberno da Xunta de Galicia, como acusación particular, dende o ano 2009 ata o día de hoxe?
- 5) Como coida o Goberno que as actuacións da Asesoría Xurídica que se producen fronte aos órganos xurisdicionais radicados no territorio de Galicia se realicen en galego?

Pazo do Parlamento, 4 de novembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
María Teresa Porritt Lueiro
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Patricia Vilán Lorenzo na data 05/11/2019 16:19:05

María de la Concepción Burgo López na data 05/11/2019 16:19:14

María Teresa Porritt Lueiro na data 05/11/2019 16:19:26



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Nas memorias dos orzamentos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, e no relativo ao programa 422E – Ensinanzas artísticas, podemos ler que a consellaría tenta garantir que a oferta realizada ao seu alumnado se concrete no máis amplo abano de ensinanzas artísticas para que completen a súa formación, cunhas instalacións adecuadas.

Con respecto a isto último, segundo a propia consellería, en materia de infraestruturas tense estudado a situación das ensinanzas artísticas na comunidade autónoma apreciándose como demandas máis relevantes as seguintes:

1. Demanda de reparacións, ampliacións e melloras nos centros de ensinanzas artísticas.
2. Demanda de novas dotacións e equipamentos e reposición do material deteriorado.

Pese ao anterior, e analizando as execucións orzamentarias dos anos 2016, 2017 e 2018 en relación co orzamentado inicialmente, temos as seguintes evidencias, en miles de euros:

	2016	2017	2018	TOTAL
Crédito inicial	33.601	36.083	36.932	106.616
Obrigas recoñecidas	29.085	30.417	32.060	91.562
Diferenza	4.516	5.666	4.872	15.054

É dicir, nos anos 2016, 2017 e 2018 e con respecto ás previsións iniciais, as cantidades destinadas ás ensinanzas artísticas reducíronse en 15.054.000 € o que supón un 16,44 %.

Nos orzamentos do ano 2019, dos que aínda non se coñece o grao completo de execución figuran 38.638.000 € e nos que se están a tramitar nestas datas para o ano 2020, a cantidade é de 39.852.380 €.



Paralelamente ao anterior, no Conservatorio Superior de Música de Vigo existen desde hai varios cursos serios problemas de mantemento que dificultan o normal desenvolvemento das actividades docentes; pingueiras (a finais do mes de outubro houbo inundacións nos edificios), deficiencias nas aulas, malas condicións acústicas e térmicas (estas últimas obrigan ao alumnado a empregar luvas aínda que estean a practicar cos seus instrumentos musicais) e carencia de material instrumental e didáctico adecuado.

Non debemos esquecer que este centro e o Conservatorio Superior de Música da Coruña, son os únicos de grao superior da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais, imparte un elevado número de especialidades; Canto, Clarinete, Contrabaixo, Fagot, Frauta traveseira, Guitarra, Instrumento de corda pulsada do renacemento e barroco, Instrumento de música tradicional e popular, Oboe, Percusión, Piano, Saxofón, Trombón, Trompa, Trompeta, Tuba, Viola, Viola de gamba, Violín, Violoncello, Etnomusicoloxía, Musicoloxía histórica, Pedagogía xeral e da linguaxe musical e Composición, o que dá boa proba da importancia deste centro superior.

Resulta moi preocupante o grao de abandono no que os responsables da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional teñen sumido a este centro e máxime cando, como se expuxo antes, existe capacidade orzamentaria para atender a totalidade das necesidades que presenta. Por iso o deputado e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Considera a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que as demandas de reparacións, ampliacións e melloras e de equipamento didáctico que se presentan dende o Conservatorio Superior de Música de Vigo están sendo atendidas adecuadamente?

2ª) Ten previsto realizar de xeito inmediato as actuacións necesarias para adecuar as instalacións deste centro superior aos estándares aceptables dun centro destas características, así como dotalo do equipamento didáctico necesario?

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/11/2019 11:46:33





Maria de la Concepción Burgo López na data 06/11/2019 11:46:46

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/11/2019 11:47:07



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira e Paula Vázquez Verao, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Centro de Saúde de Moaña ten asignadas dúas prazas de pediatría pola cantidade de nenas e nenos que hai na área; un concello con 2840 menores de 15 anos (2018). Nas pasadas semanas, o Centro de Saúde de Moaña quedou coas dúas prazas de pediatría sen cubrir, motivo polo cal tivo que desprazarse un profesional do CS de Cangas.

A lei 8/2008 de Saúde de Galicia establece no artigo 8.4 a posibilidade de elección de pediatra de entre quen preste os seus servizos na zona sanitaria do seu lugar de residencia.

Non estando cuberta ningunha das dúas prazas de pediatría do CS de Moaña, malamente se pode facer esta escolla.

Por todo o exposto, o deputado e deputada que subscriben, formulan as seguintes preguntas á Xunta de Galicia, para a súa resposta por escrito:

- 1.- Por que o Sergas non envía profesionais de pediatría que atendan á poboación infanto-xuvenil de Moaña no caso da ausencia das titulares?
- 2.- A que se debe a falta de pediatras no CS de Moaña?
- 3.- Cando vai solucionar a Xunta os déficits do servizo de pediatría no Morrazo?
- 4.- Non considera un parche mobilizar para a atención pediátrica de Moaña a profesionais de Cangas?



Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Paula Vázquez Verao
Deputada e deputado do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 06/11/2019 12:18:45

Paula Vázquez Verao na data 06/11/2019 12:18:50



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Teresa Porritt Lueiro e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Só con botar unha ollada ao Proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o exercicio 2020 apréciase o pouco investimento da Xunta de Galicia no deporte galego. Nestes últimos anos de Goberno do presidente Feijóo, o deporte galego ten perdido un 40 % de orzamento con relación ao ano 2009, redución que non encaixa coa relevancia social da práctica deportiva e do impacto económico e saudable do propio sector e con especial intensidade tamén en materia de investimentos.

En maio do ano pasado, a Comisión 1ª do Parlamento de Galicia aprobaba unha proposición non de lei deste grupo parlamentario para que a Xunta de Galicia realizase un estudo dos custos reais do exercicio das competencias delegadas nas federacións deportivas como consecuencia da Lei do deporte de Galicia de 2012, e coa fin de permitir adecuar a financiación destes custes á realidade das disciplinas deportivas, valorando o establecemento de marcos plurianuais de financiación que poidan así facilitar ás federacións a realización de orzamentos reais. Ocorre que, debido a dita lei, as federacións deben aprobar os orzamentos do seguinte exercicio económico durante o último trimestre do ano anterior cando, moitas veces, non coñecen nin reciben as subvencións anuais.

Este grupo descoñece ata que punto a dita proposición non de lei foi cumprida polo Goberno galego e segue a considerar que cómpre mellorar o financiamento do deporte na nosa comunidade, pese aos anuncios dando luz verde a convenios de colaboración anuais que fai a Secretaría Xeral para o Deporte cada ano.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que ten previsto facer o Goberno galego para mellorar o financiamento do deporte en Galicia?
2. Ten elaborado o Goberno o estudo dos custos reais do exercicio das competencias delegadas nas federacións deportivas como consecuencia da Lei do deporte de Galicia de 2012, que fora acordado o 15 de maio de 2018



na Comisión 1ª do Parlamento? Se a resposta fose positiva, cales foron os resultados de dito estudo?

3. Vai elaborar o Goberno un plan específico para a recuperación dos orzamentos perdidos polo deporte galego nas tres últimas lexislaturas?
4. Vai establecer o Goberno marcos plurianuais de financiación que permitan facilitar ás federacións a realización de orzamentos reais e que aseguren a suficiencia económica do deporte galego?
5. Vai elaborar o Goberno un plan que permita estimular a aportación de fondos da empresa privada?

Pazo do Parlamento, 5 de novembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Teresa Porritt Lueiro
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/11/2019 11:33:05

María Teresa Porritt Lueiro na data 06/11/2019 12:21:26

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/11/2019 12:21:37



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Centro de Saúde de Fene conta con dúas prazas de pediatría, o que afecta a unhas 1700 crianzas.

Dende finais de setembro, as baixas das dúas profesionais non son substituídas, sendo as crianzas derivadas a Ferrol para a súa atención, e só cubríndose unha das prazas, de xeito puntual, e non con pediatra.

Ademais, o déficit de pediatras na zona é habitual, cubríndose alternamente Ares-Mugardos, praza que tamén sufriu momentos sen cobertura.

En toda a zona, 3100 crianzas de Fene, A Capela, Ares, Mugardos, San Sadurniño, Moeche, Cerdido e As Somozas levan meses sen unha atención pediátrica continuada e vense obrigados a desprazarse a Ferrol para a súa atención.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia:

- Que vai facer para garantir a axeitada cobertura pediátrica en Fene, A Capela, Ares, Mugardos, San Sadurniño, Moeche, Cerdido e As Somozas?
- Que previsións hai para a cobertura das dúas prazas de pediatría do CS de Fene?



Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 06/11/2019 13:52:47



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Até en tres ocasións crianzas da escola infantil A Choupana, en Cangas, se viron afectadas por unha intoxicación alimentaria neste outono. Non se trata dun caso illado.

No caso da Choupana, crianzas sufriron dúas intoxicacións en outubro e unha en novembro, en días nos que o menú foi diferente, pero a reacción tóxica similar.

O día 18 de outubro foron afectadas por intoxicacións varias escolas infantís da rede Galiña Azul, dependentes do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, tanto en Cangas como na provincia da Coruña. A Consellería de Sanidade confirmou que a causa fora o menú inxerido, consistente en peixe –palometa– que contería histamina, considerando a Xunta que a causa máis probable para a presenza desta substancia sería a ruptura de cadea de frío do peixe.

Ademais, tamén se produciron intoxicacións en centros educativos de primaria e secundaria por causa de palometa en mal estado.

Da cociña e xestión de compras de alimentos de todas as escolas afectadas se encarga a mesma empresa.

Sen embargo, as outras dúas intoxicacións alimentarias similares na escola da Choupana, en Cangas, producíronse en días nos que o menú non contiña palometa.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta escrita:



- Cal foi o resultado das investigacións levadas a cabo sobre as intoxicacións?
- Que inspeccións sobre os centros e a empresa encargada da cociña se levaron a cabo?
- Que medidas vai tomar a Xunta para que estas situacións non se volvan producir?
- Ten previsto a Xunta apostar pola dotación de cociña propia, que se abasteza con produtos do entorno, en todas as escolas infantís que dependen dela?
- Cal é a empresa responsable destas intoxicacións?
- Vai a Xunta sancionar e rescindir o contrato do servizo coa empresa responsable?
- Cantas crianzas e centros se viron afectados por estas intoxicacións?
- Vaise informar con detalle ás familias das crianzas afectadas?
- Que medidas se tomaron para evitar a distribución do lote de peixe afectado?

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 06/11/2019 14:01:49



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Diversos traballadores do sector do taxi en Galicia téñense posto en contacto con este grupo parlamentario para trasladar a súa preocupación polos retrasos que están a sufrir na tramitación administrativa que depende da Xunta de Galicia cando toman a decisión de substituír un vehículo.

O Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia foi ditado, entre outras premisas, sobre a necesidade de facer efectiva unha coordinación interadministrativa dado que a prestación dos servizos de taxi está suxeita á obtención previa dos correspondentes títulos administrativos que habilitan ás persoas titulares para exercer a dita actividade, que son a licenza municipal a autorización interurbana.

Preténdese que, mediante o procedemento establecido, se acade unha maior axilidade e simplificación dos trámites necesarios.

En xeral, e con pequenas diferenzas, as distintas ordenanzas municipais establecen que a documentación que deben levar a bordo os vehículos é a seguinte:

1. Licenza de taxi
2. Permiso de circulación do vehículo
3. Tarxeta de inspección técnica do vehículo en vigor
4. Boletín de control metrolóxico
5. Póliza e recibo de pago do seguro de responsabilidade civil
6. Permiso de conducir
7. Permiso municipal de condutor de taxi
8. Autorización interurbana de transportes
9. Libro de reclamacións
10. Plano e rueiro da localidade

A maior parte da documentación anterior está vinculada ao vehículo e cando se produce a substitución débese tramitar a correspondente ao novo. Procedemento



que como é obvio se debe realizar de forma simultánea, é dicir, non debe existir ningún documento no novo vehículo que corresponda ao substituído.

O artigo 31 do dito Decreto 103/2018, relativo á substitución de vehículos establece que as persoas titulares de títulos habilitantes para prestar o servizo de taxi poderán substituír o vehículo adscrito a estes, seguindo para tal fin o procedemento coordinado previsto na sección 1ª do capítulo II, e é precisamente na parte que corresponde á Xunta de Galicia dentro dese procedemento coordinado no que se están a producir retrasos que supoñen un grave trastorno para o normal desenvolvemento da actividade por parte das persoas que traballan neste sector.

Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Coñece a Xunta de Galicia os retrasos que se están a producir na tramitación da documentación necesaria cando se produce unha substitución dun vehículo afecto a unha licenza de taxi?

2ª) Existe algún problema na plataforma informática empregada que dea lugar a eses retrasos?

3ª) Ten feito algunha avaliación da implementación do procedemento coordinado desde a publicación do Decreto 103/2018, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia?

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/11/2019 14:07:02

María Luisa Pierres López na data 06/11/2019 14:07:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

Os partidos xudiciais do Estado que contan con 8 ou máis xulgados de instrución poden prestar un servizo de garda diario de 24 horas. Desde que o 18 de marzo do ano 2019 o partido xudicial de Córdoba se incorporou a este sistema, os partidos xudiciais de Coruña e Vigo son os únicos que contan con 8 xulgados de instrución e que teñen o sistema de gardas de 9 a 19 horas, de luns a venres, polo que sofren unha evidente discriminación a este respecto.

A implantación das gardas de 24 horas é unha reivindicación sindical unánime, compartida por todos os operadores xurídicos e acordada polas Xuntas de Xuíces e Xuízas de Instrución da Coruña e Vigo. Todos coinciden en que o establecemento deste sistema contribúe a mellorar a calidade da administración de Xustiza, xa que a permitiría crear un servizo diario continuado para poder acudir aos xulgados a interpor unha denuncia, axilizaría o funcionamento dos xulgados de garda, evitaría prolongacións de detencións innecesarias, etc.

O Regulamento 1/2005 de aspectos accesorios ás actuacións xudiciais prevé no seu artigo 59.5 o seguinte



“O Consello Xeral do Poder Xudicial poderá acordar, en atención ao volume de asuntos penais tramitados, á poboación correspondente ao territorio do partido xudicial, a proposta da Xunta de Xuíces e da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza correspondentes, previo informe do Ministerio de Xustiza e, no seu caso, da Comunidade Autónoma con competencia na materia, a extensión do réxime de gardas establecido nos artigos 57 e 58 deste Regulamento a un ou varios partidos xudiciais con 8 ou máis Xulgados de Instrución.”

Cómpre ter en conta que as Xuntas de Xuíces e Xuízas dos partidos xudiciais de Vigo e Coruña xa adoptaron o pasado mes de maio o acordo polo que se solicita á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza o inicio dos trámites para a creación do servizo de garda de 24 horas. Para que se poida facer efectiva, é necesario o informe previo favorábel da Xunta de Galiza, que non consta que se teña producido a pesar do tempo transcorrido. Resulta cando menos chocante que o PP manifestase o pasado mes de setembro, no debate parlamentario dunha iniciativa do PsdG-PSOE sobre este mesmo tema, que non tiñan coñecemento da citada petición.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Ten coñecemento a Xunta de Galiza do acordo das Xuntas de Xuíces e Xuízas dos partidos xudiciais de Coruña e Vigo a respecto polo que se pide a modificación do sistema de gardas e o establecemento de gardas de 24 horas?
2. Desde cando ten coñecemento oficial deste acordo?
3. Ten previsto o goberno galego atender esta demanda e emitir informe favorábel ao respecto?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Ten previsto o goberno galego convocar proximamente a comisión mixta de Xustiza para tratar este tema e outras necesidades urxentes da administración de xustiza en Galiza?

4. Ten previsto a Xunta de Galiza dotar nos orzamentos de 2020 as partidas necesarias para asumir a parte que lle corresponde no financiamento da citada ampliación das gardas?

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 06/11/2019 16:40:14

María Montserrat Prado Cores na data 06/11/2019 16:40:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 06/11/2019 16:40:28

Olalla Rodil Fernández na data 06/11/2019 16:40:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/11/2019 16:40:43

Ana Pontón Mondelo na data 06/11/2019 16:40:53



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A UE é o segundo maior produtor de plásticos do mundo, con preto de 50 millóns de toneladas anuais. O 32 % de todo o plástico que utilizamos os seres humanos acaba na natureza. Calcúlase que cada ano 8 millóns de toneladas de plástico chegan a mares e océanos, polo que o Foro Económico Mundial informa que en 2050 no mar haberá máis plásticos que peixes. Segundo a ONG “Greenpeace”, os plásticos representan o 80% do total dos residuos mariños. A cantidade de residuos plásticos no mar non para de medrar e iso afecta aos ecosistemas mariños, á biodiversidade e tamén á saúde humana.

A comunidade científica advirte sobre o perigo para o medio ambiente (e con toda probabilidade para o home) polo paso de microplásticos a través das cadeas alimentarias. Ninguén discute xa que estes residuos plásticos son o principal perigo para os mares de todo o mundo. Tanto que o 9 de xullo deste ano, o Pleno do Parlamento aprobaba por unanimidade unha proposición non de lei deste grupo parlamentario instando á Xunta de Galicia á adopción de medidas inmediatas para reducir a presenza de residuos mariños nas praias e fondos mariños de Galicia, mais non é suficiente: hai países que xa están a avanzar moito máis, desenvolvendo programas de recollida e recuperación de residuos mariños. Así, en Grecia, a organización “Enaleia” é un referente: “Recollemos unha lata de coca-cola cunha cor moi rara e vimos que caducara en 1987. Esa cousa estivera no mar ata 30 anos. Sorprendeunos, pero máis nos sorprende ver que un mariñeiro a guindaba de novo ao mar”.

Nestes últimos anos, a organización “Enaleia ten comezado un ambicioso programa con mariñeiros gregos, dando incentivos financeiros para que, cando os mariñeiros atopan residuos nas súas redes, non os guinden senón que os devolvan a terra para seren reciclados (toneladas de residuos plásticos e redes elimínanse agora das costas gregas cada mes). A organización ten tamén un plan para a súa reciclaxe: Redes, cordas e semellantes son enviados a plantas de reciclaxe para se converter en calcetíns, traxes de baño, parkas e outras cousas útiles e plásticos, latas e outros residuos son depositados nunha liña de reciclaxe.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Está preocupado o Goberno galego pola afectación dos residuos plásticos aos nosos ecosistemas mariños?
2. Ten previsto desenvolver o Goberno programas de recollida e recuperación de residuos mariños dando incentivos financeiros ao sector do Mar para que, cando os mariñeiros atopen residuos nas súas redes, os devolvan a terra para seren reciclados? Cando?
3. Vai reservar o Goberno unha partida orzamentaria específica para o exercicio 2020?
4. Ten previsto o Goberno desenvolver campañas de información e sensibilización a tal fin? Cando?
5. Ten previsto o Goberno elaborar un plan específico para a reciclaxe de todos os obxectos recollidos no mar?

Pazo do Parlamento, 06 de novembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/11/2019 17:05:17

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/11/2019 17:05:25

María Luisa Pierres López na data 06/11/2019 17:05:35



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta escrita**, relativa ás expectativas de creación de postos de traballo da Mina de Touro, O Pino.

Dende o momento da presentación do “Proyecto Touro” por parte de Cobre San Rafael, o 25 de agosto de 2017, a empresa fixo bandeira dos postos de traballo que afirma vai crear o proxecto. Non obstante, o dato relativo ao emprego presentado pola empresa peca de escurantismo, falta de concreción e incluso de contradicións.

No proxecto presentado inicialmente indica que creará 418 empregos directos na fase I (os 3 primeiros anos, nos que extraerá 5 Mt/ano) e 391 na fase II (resto dos anos ata o 14, nos que extraerá 8Mt/ano).

3.7 Personal

La siguiente tabla muestra la estimación del personal necesario para la realización de la actividad minera, diferenciando entre Fase 1 (producción de 5 Mt/año) y Fase 2 (producción de 8 Mt), con las necesarias garantías en la disciplina de Seguridad y Salud de los trabajadores así, como en el cumplimiento obligatorio de la legislación en materia laboral. Se ha tenido en cuenta también una incorporación mínima de empleo femenino del 15% sobre la plantilla total de la empresa estableciendo programas de igualdad para aumentar este número al máximo posible según necesidades organizativas de la empresa.

PERSONAL PROPIO	FASE I	FASE II
Operaciones mineras	238	179
Planta de tratamiento de mineral	96	128
Planta de tratamiento de agua	15	15
Laboratorio	23	23
Administración	10	10
Compras – Almacén	10	10
Medio Ambiente	5	5
Seguridad y salud	6	6
Guardería	15	15
TOTAL	418	391

Tabla 4. Tabla resumen de personal directo



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Non obstante, o proxecto inicial é acompañado por unha serie de anexos, e nun deles, de carácter económico, realízase unha análise input-output empregando os datos marco input-output publicado no 2011 para a economía galega (MIOGAL 2011), xunto coas inversións que a empresa prevé facer (215 millóns nun horizonte de 18 meses, que supoñendo linealidade, corresponderíanse con 143.5 millóns en 12 meses). Esa análise leva a empresa a afirmar:



	Nº de empleados	
Empleo PTE Directo	500	
Empleo PTE Indirecto	1.064	
Empleo PTE Total	1.564	10,8927

Fuente: Elaboración propia, a partir del MIOGAL 2011

En resumen, la inversión prevista puede generar y/o mantener durante el primer año de hasta un máximo de 1.564 puestos de trabajo, 500 directos y 1064 indirectos. A esta cifra habría que añadir los empleos inducidos por las rentas y el consumo que realicen en la zona los nuevos empleos generados directa e indirectamente. Algo muy difícil de

A evidente contradición entre o dato proporcionado no proxecto (418 postos de traballo na Fase I) e as estimacións aportadas no estudo de impacto económico que acompañaba a ese proxecto, 500 postos de traballo directos (e 1064 indirectos), foi recollida nas alegacións da Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) presentadas a principios de novembro de 2017.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

18. Que o “Estudio Impacto Económico.pdf” é moi pouco rigoroso ao asegurar que o proxecto creará 500 postos de traballo directos (e 1064 indirectos) durante o primeiro ano, sobreestimando nun 20% os empregos directos reais, que serían 418 empregos na Fase 1 segundo o documento “E15069IS01_Memoria_ED.pdf”.

A esas alegacións presentadas, a principios de novembro de 2017, a empresa respondeu en outubro de 2018, no “Documento respuesta a las alegaciones al diagnóstico socioeconómico del Proyecto Touro”. Sen cambiar de modelo (MIOGAL 2011), nin de vector de inversións, nin indicar cambios no reparto das inversións nas diferentes ramas, é dicir, cos mesmos multiplicandos, ofrecía agora un resultado diferente, o cal non é posible.

En xaneiro de 2019 a SGHN presentou un informe complementario no que se lle facía ver a incongruencia, aínda sen resposta.

- 16) Que nas alegacións presentadas o 03-11-2017, SGHN salientaba que os 500 empregos directos estimados no estudo socio-económico excedía nun 20% os 418 indicados pola propia empresa na páxina 38 do documento “Resumen.pdf”. Agora, no documento “Respuesta a las alegaciones al diagnóstico socioeconómico del entorno del proyecto Touro” vólvese a empregar o modelo input-output clásico e as táboas MIOGAL 2011 do IGE, considérase o mesmo investimento (215 millóns de euros en 18 meses) e de xeito “sorpresivo” chégase a unha estimación de emprego directo diferente (413 empregos), mentres se manteñen os empregos indirectos en 1.064.

Pero os postos de traballo directos e totais estimanse en base ao produto das columnas da táboa 12 da matriz simétrica MIOGAL 2011 do IGE polos investimentos previstos por rama. Polo tanto é absolutamente imposible variar a estimación de 500 postos directos a 413 postos directos sen cambiar o modelo nin os investimentos. Non se pode variar o resultado da multiplicación sen variar os multiplicandos. O máis grave do caso é que ningunha das dúas estimacións (500 ou 413 postos directos) é correcta, pois o produto dos coeficientes de traballo na matriz simétrica MIOGAL 2011 polas inversións nun horizonte de 12 meses (143 millóns) proporciona unha estimación absolutamente dispar das presentadas na documentación (inicial e nova) pola empresa. Posto que os coeficientes do modelo son invariables, esta disparidade indica que os investimentos que desglosa a empresa non son coherentes cos postos de traballo que se “crearian”. Compre clarear sen falla se hai un “erro” (deliberado ou involuntario) da empresa nos datos de creación de emprego ou nos de investimento real do proxecto.



Resultan tamén chocantes eses 215 millóns de inversión que a empresa indica en 18 meses, cando proxectos en certo modo similares e recentes, como o da mina de ouro de Corcoesto, indicaba unha inversión de 110 millóns no mesmo horizonte temporal. Daquela, o “Estudio sobre el impacto socio-económico de la mina de Corcoesto” (en parte dos mesmos autores) prognosticaba 480 empregos directos e 475 indirectos.

Ademais, a mediados de 2018 Atalaya Mining (socia agora cun 10% de Cobre San Rafael, a promotora do Proxecto, e que ten firmado un acordo para alcanzar o 80% en caso de que o proxecto vaia adiante), publica na súa páxina que dispón dun informe que desenvolven varios expertos para este proxecto mineiro (Technical report on the mineral resources of the Touro Copper Project) no que cifra o persoal necesario entre 101 e 111, o cal é un dato aínda máis discrepante.

16.6 Mining Personnel

Mining contractor personnel will be devoted to supervision and craft labor – i.e., mine operations and equipment maintenance. The work of Atalaya Mining’s mine department employees will be limited to contract management, safety and supervision tasks, and most technical services (engineering, geology, etc.). Table 16.10 summarizes the estimated levels of mining-related personnel.

Table 16.10 – Mining-Related Personnel (Y1-Y3)

Worker Type	Quantity
Contractor supervision & support staff	8
Contractor craft labor	<u>78-88</u>
Subtotal contractor personnel	86-96
Owner (Atalaya Mining) personnel	15
Total mining personnel	101-111

Por outra banda, tirando de datos históricos, entre 1972 e 1986 desenvolveuse alí unha mina de cobre un pouco máis pequena (540 hectáreas aproximadamente fronte ás 689 do proxecto en trámite). Na Estadística Minera de 1986 que publica o IGME, atopamos que existía unha única explotación de cobre na provincia da



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Coruña que tiña 256 traballadores. A produción foi ese ano de 5.423 toneladas de mineral de cobre (un pouco superior ás 5Mt/ano, que indica o proxecto en trámite para a Fase I), segundo podemos atopar no Panorama Minero de 1986 que publica o IGME. E iso que a empresa xa atravesaba unha crise que lle faría presentar un ERE e finalmente pechar en 1987.

Polo anterior, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.^a) Que cifra manexa o Goberno galego sobre os postos de traballo directos e indirectos que crearía o Proxecto Touro, agora en trámite, de levarse a cabo?
- 2.^a) Cales son as cifras da inversión, desglosada nas diversas ramas de actividade, que permitirían alcanzar esa cifra de emprego?
- 3.^a) Como se explican as discrepancias entre os datos?

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. do Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2019 17:29:57
Nº Rexistro: 58528
Data envío: 06/11/2019 17:29:57.373

Luca Chao Pérez na data 06/11/2019 17:27:14

CSV: BOPGDSPGjy0xE2mzk8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Quinteiro Araújo, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PRE-GUNTA, para a súa resposta escrita**, relativa ao profesorado da escola infantil Galiña Azul de Carril.

Hai uns días pais e nais da Escola Infantil Galiña Azul de Carril denunciaron a marcha de dúas mestras da escola e as consecuencias que a súa ausencia teñen para a mesma. Nun momento no que tres mestras do mesmo centro estaban de baixa, foron trasladadas dúas titulares máis a outra escola infantil do concello. O que implica que agora non teñan a parella referente senón que haxa unha soa profesora por aula de 1-2 anos con 13 alumnas e alumnos cada unha.

O problema agrávase porque as mestras trasladadas eran mestras titulares, e o traslado prodúcese, ademais, co curso empezado, e despois de que as nenas e nenos xa pasaran o período de adaptación con elas.

As familias tamén denuncian que a súa ausencia ten efectos sobre a metodoloxía de ensino xa que moitas das actividades que requiren unha maior atención non se poden realizar.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que motivos xustifican que as mestras foran trasladadas comezado o curso?
- Por que se prescinde da parella de mestras de referencia?



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Ten previsto o Goberno galego atender as demandas das familias e recuperar as mestras trasladadas?
- Cantos días están tardando en cubrir as baixas?

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 06/11/2019 18:38:08

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 06/11/2019 18:38:12

Paula Quinteiro Araújo na data 06/11/2019 18:38:22



Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luis Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Fai un ano foi declarada Patrimonio Inmaterial da Humanidade a arquitectura tradicional en pedra seca.

Esta técnica arquitectónica está presente en amplos territorios de Galicia, sendo especialmente relevante nas comarcas de Pontevedra, Terra de Montes, Deza, Bergantiños, Terra de Soneira, Xallas, Fisterra, a Terra Chá e a Ribeira Sacra e inclúe construcións moi variadas, alvarizas, fornos de cal, sequeiros de castañas, muíños fariñeiros, cabanas agrícolas, pombeiros, hórreos, pendellos, foxos do lobo, socalcos, valados ou vivendas antigas.

Ante esta declaración, que segundo o Conselleiro de cultura “supón unha nova oportunidade de crecemento sostible de Galicia e servirá para valorizar nosa paisaxe e legado inmaterial”, fixéronse publicas varias iniciativas para poñer en valor a pedra seca e aumentar o seu coñecemento.

Así o conselleiro afirmou que neste ano 2019 se realizaría un censo dos elementos máis representativos da pedra seca galega, xeolocalizándoos e identificándoos segundo a súa tipoloxía construtiva. Ademais, explicou que está previsto o deseño dunha aplicación móbil a través da que se poida acceder á información máis relevante sobre esta técnica e os exemplos destacados que podemos atopar en Galicia realizados en pedra seca.

Así mesmo a través da Axencia Turismo de Galicia, prevíase levar adiante unha orde de axudas para a rehabilitación de elementos patrimoniais etnográficos, na que se valoraría positivamente o feito de que o ben en cuestión estea construído coa técnica da pedra seca e contase cunha proposta de actuación realizada con criterios de calidade e acometida por profesionais cualificados.

A Consellería tamén estudaba a posibilidade de ditar instrucións, recomendacións e suxestións para os interesados no seu uso e conservación e propietarios de bens construídos con esta técnica, así como fomentar a pedra seca a través de programas e proxectos.



Dada a importancia desta declaración como Patrimonio Inmaterial e as consecuencias beneficiosas para Galicia é necesario que a Consellería de Cultura e Turismo leve a cabo iniciativas de protección, difusión e posta en valor, pero non parece que neste ano, a pesares das declaracións iniciais fixera nada importante a este respecto.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Que accións puxo en marcha a Consellería de Cultura e Turismo para impulsar o coñecemento e protección das construcións con pedra seca?
- 2.^a) Elaborou un censo dos elementos mais representativos da pedra seca? Están xeolocalizados?
- 3.^a) Fíxose unha aplicación móbil para coñecerlos e ter información?
- 4.^a) Se outorgou algunha axuda para a rehabilitación ou mantemento de algunha construción feita con esta técnica da pedra seca?
- 5.^a) Se publicaron instrucións ou recomendacións para a súa rehabilitación e mantemento?
- 6.^a) Puxo en marcha a Axencia de Turismo algún proxecto de calquera tipo para dar a coñecer estas construcións e a declaración de Patrimonio Inmaterial da Humanidade de maneira que poda converterse nun activo mais da nosa oferta turística e cultural?

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Manuel Luis Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/11/2019 15:47:36

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/11/2019 15:47:57



Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luis Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

El Catón Compostelano está considerado o primeiro xornal de Galicia. O primeiro número apareceu o 1 de maio de 1800 en Santiago de Compostela creado e dirixido por Francisco de Valle-Inclán, catedrático e reitor da Escola de San Clemente e bibliotecario da Universidade compostelán, tío avó de Don Ramón de Valle-Inclán.

Tanto pola súa consideración de primeiro xornal cuxa aparición supuxo un fito na Galicia do seu tempo, como pola súa temática e contido *El Catón Compostelano* é unha xoia do patrimonio histórico e cultural de Galicia.

Por iso, non é nada estraño que a Biblioteca de Galicia quixera telo nos seus fondos e segundo afirmou o director da Biblioteca, Daniel Buján, no Correo Gallego do día 5 de febreiro de 2011, unha colección de *El Catón Compostelano* foi mercada para dita Biblioteca por aproximadamente 12.000 euros.

Esta adquisición, feita pola Consellería Cultura, Comunicación Social y Turismo para a Biblioteca está documentada tamén por Xosé López, no seu artigo “La Comunicación en Galicia 2000-2003. Realidades y Sueños”, *Ámbitos*, número especial 9-10, 2002-2003, p. 69

Moi recentemente o reputado profesor Xosé Ramón Barreiro Fernández denunciou que esa colección mercada pola consellería non se atopa na Biblioteca de Galicia, afirmando nas páxinas 229-230 do seu último libro *Os incómodos sociais. A transgresión intelectual en Galicia. Séculos XVIII-XIX*. Editorial Trifolium, 2019 o seguinte :

“*El Catón Compostelano*, ..., foi adquirido sendo conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia Pérez Varela. Como estaban sen concluír as obras da Cidade da Cultura, o conselleiro decidiu ceder a colección a unha entidade privada que naquel intre inauguraba un museo sobre o xornalismo, pero advertindo que a



cesión era temporal. Concluíronse as obras e organizouse o arquivo e a biblioteca, pero os responsables das mesmas non se moveron ou non conseguiron a devolución da colección. (...) Cando no ano 2011 se celebrou a exposición *Exlibris Gallaeciae*, organizada pola propia Xunta de Galicia, solicitouse a devolución do exemplar cedido e o xornal, propietario do museo, nin contestou. (...)

Creemos que a situación que denuncia o profesor Barreiro é moi grave, porque *El Catón Compostelano*, adquirido con diñeiro público é patrimonio de todos os galegos e galegas e debe estar a disposición de todos nunha entidade pública como a Biblioteca de Galicia.

É perfectamente verificable que ningún orixinal de *El Catón Compostelano* está catalogado na Biblioteca de Galicia (tan só o facsímile publicado polo Consello da Cultura Galega no 2000), polo que consideramos que é necesario saber a ciencia certa onde se atopa a colección de *El Catón Compostelano* mercada pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.º) Onde se atopa actualmente a colección de *El Catón Compostelano* mercada pola anterior Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo?
- 2.ª) Por que non está catalogado na Biblioteca de Galicia?
- 3.ª) Existe algún convenio firmado con algunha entidade privada para depositar en ela a colección de *El Catón Compostelano* propiedade da Biblioteca de Galicia?
- 4.ª) Si este convenio ou acordo existe, cal á súa duración e cales son os seus termos?

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Manuel Luis Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58582
Data envío: 07/11/2019 15:50:13.746

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/11/2019 15:43:35

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/11/2019 15:44:37

CSV: BOPGDSPGjy0xE2Mzk8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á circunvalación de Carballo.

O circunvalación de Carballo é unha demanda histórica do concello de Carballo, da comarca de Bergantiños e do tecido social e empresarial da comarca. Trátase dunha infraestrutura vital para mellorar a mobilidade, a conectividade e a competitividade desta área, pois permitiría desviar do casco urbano o tráfico de paso mellorando a calidade de vida e a seguranza viaria, e tamén mellorar a conexión dos parques empresariais de Bértoa e A Laracha.

Despois de máis de 20 anos de proxectos, logo de acordos unánimes da corporación de Carballo, a Xunta de Galiza segue sen acometer a construción desta infraestrutura. Se ben esta obra foi incluída no Plan Move do ano 2010, a realidade é que pasados 9 anos segue sen aprobarse e executarse.

No mes de marzo de 2018 o alcalde de Carballo reuniuse co presidente da Xunta de Galiza para reclamar a aprobación deste proxecto así como outras obras que son demandas históricas deste concello.

O pasado 12 de xuño o BNG formulou unha pregunta parlamentaria á conselleira de Infraestruturas en relación coas previsións de construción da variante de Carballo. Na súa resposta, a conselleira anunciou que se faría en dúas fases, sen





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concretar prazos, investimentos e prioridades en canto ao treito que entraría na primeira fase.

O día 9 de agosto a conselleira e o alcalde de Carballo mantiveron un encontro para tratar diversos asuntos relativos ao concello, entre eles a construción da circunvalación. Nesta xuntanza, Ethel Vázquez anunciou que o novo vial terá un orzamento de 30 millóns de euros, a intención de iniciar en 2020 as expropiacións e a previsión de desenvolver a obra en fases. Pola súa parte, o alcalde trasladoulle o interese do concello e de todos os axentes sociais en que a primeira fase comece polo treito entre Bértoa e a estrada de Santiago.

O pasado 24 de outubro a directiva da asociación de empresarios de Bértoa trasladoulle ao alcalde o seu interese en que a circunvalación comezase nesta zona dado o elevado tráfico de vehículos pesados que saen desta zona industrial e que teñen que atravesar o núcleo urbano. Pola súa parte, tanto o concello como outras entidades sociais manifestáronse recentemente a favor de que a primeira fase deste vial comece dende o polígono ata a estrada de Santiago porque é a mellor forma de eliminar o tráfico rodado pesado polo casco urbano, en especial na zona do Chorís, onde se concentran parte dos centros educativos e espazos deportivos de Carballo.

Os orzamentos da Xunta para o 2020 prevén unha irrisoria cantidade de 250.000 euros para a actualización do proxecto da circunvalación, o que demostra o escaso compromiso do actual goberno galego coa construción desta infraestrutura.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Cal é o calendario previsto polo goberno galego para a construción da variante de Carballo?
2. Tendo en conta a previsión de dividir a obra en dúas fases, cal delas considera prioritaria?
3. Comparte o goberno galego a postura do concello de Carballo, da asociación de empresarios de Bértoa e dos colectivos sociais que defenden que na primeira fase da obra se execute a conexión entre Bértoa e a estrada de Santiago?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 07/11/2019 16:31:24





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 07/11/2019 16:31:29

Noa Presas Bergantiños na data 07/11/2019 16:31:36

Olalla Rodil Fernández na data 07/11/2019 16:31:43

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/11/2019 16:31:50

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2019 16:31:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.O Consello da Xunta aprobou o 28 de abril de 2016 o Protocolo para a prevención, a detección, a actuación e a resolución de situacións de acoso laboral e outras discriminacións no traballo na administración da Comunidade Autónoma de Galicia, documento publicado no DOG o 3 de xuño de 2016.

Este protocolo prevé a presentación de denuncias por acoso polas seguintes vías:

- Na secretaría xeral de cada consellaría ou na Secretaría Xeral Técnica ou órgano con competencias en materia de persoal correspondente.
- Comité de intervención, que está composto por oito membros, 4 a proposta do goberno e 4 en representación dos sindicatos.

“Créase o Comité de Intervención, que estará formado por catro representantes da Administración, dous deles pertencentes ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais, e catro representantes das organizacións sindicais máis representativas do ámbito afectado por este protocolo, dos cales dous deles serán preferentemente delegados de prevención e, de non selo, deberán ter, en todo caso, coñecementos en



materia de prevención e/ou actuacións en situacións de acoso, procurando que os representantes conten con formación en riscos psicosociais, resolución de conflitos, psicoloxía, mediación ou formación xurídica”.

O feito de dirixir a solicitude a un ou doutro órgano determinará a competencia para levar a cabo a investigación

2. Inicialmente, o texto do protocolo prevía un prazo de un mes para realizar a investigación e presentar o correspondente informe, mais no presente ano foi modificado este aspecto, ampliando o prazo máximo ata os seis meses.

Esta ampliación do prazo está motivada, segundo a información dispoñíbel, polo elevado número de denuncias e a insuficiencia de medios para investigalas. Unhas das causas desta lentitude na tramitación sería a carencia de persoal formado na prevención de riscos e en acoso laboral.

3. Por outra parte, o protocolo non contempla medidas cautelares como a do cambio temporal de posto de traballo mentres se investiga o caso. Debido a esta ausencia de medidas cautelares e á lentitude na tramitación das denuncias, en moitos casos estas acaban na vía xudicial. E tamén en moitos casos derivan en baixas laborais prolongadas que causan perxuizos tanto ás vítimas do acoso como á administración.

4. Por outra parte, o protocolo afecta ao persoal da administración autonómica mais non hai aprobados protocolos específicos para a administración de Xustiza, educación ou sanidade. Nestes casos, segundo a Xunta son as mesas sectoriais específicas quen deben promover a aprobación dos protocolos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Cantos casos de acoso laboral foron denunciados desde a entrada en vigor do Protocolo para a prevención, a detección, a actuación e a resolución de situacións de acoso laboral e cal foi o resultado dos mesmos?
2. Cal foi o resultado destas denuncias e o prazo medio de tramitación e resolución?
3. Que medidas prevé adoptar o goberno galego para reducir os prazos de resolución das denuncias por acoso?
4. Que medidas prevé adoptar o goberno galego para incrementar a formación especializada en materia de prevención de riscos e acoso laboral así como os medios da administración e do comité de intervención?
5. Ten previsto a Xunta incluír no protocolo a adopción de medidas cautelares como a do cambio temporal do posto de traballo mentres se investiga o caso?
6. Ten previsto o goberno galego trasladar ás mesas sectoriais da administración de xustiza, sanidade e educación unha proposta para a aplicación do protocolo nestes ámbitos?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 07/11/2019 17:01:37

María Montserrat Prado Cores na data 07/11/2019 17:01:43

Noa Presas Bergantiños na data 07/11/2019 17:01:51

Olalla Rodil Fernández na data 07/11/2019 17:01:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/11/2019 17:02:05

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2019 17:02:13



SR. PRESIDENTE

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157.2 do Regulamento da Cámara, **SOLICITA** que estean dispoñibles na vindeira Mesa da Comisión 5.^a, para a súa **inclusión na orde do día da primeira sesión que celebre a devandita Comisión**, as iniciativas con **número de rexistro 37.680, 40.514, 53.720 e 55.472**, por non ter sido respostadas en prazo.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA.

Asinado dixitalmente por:





Paula Vázquez Veroa na data 11/11/2019 16:40:31



SR. PRESIDENTE

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157.2 do Regulamento da Cámara, **SOLICITA** que estean dispoñibles na vindeira Mesa da Comisión 5.^a, para a súa **inclusión na orde do día da primeira sesión que celebre a devandita Comisión**, as iniciativas con **número de rexistro 37.680, 40.514, 53.720 e 55.472**, por non ter sido respostadas en prazo.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA.

Asinado dixitalmente por:





Paula Vázquez Veroa na data 11/11/2019 16:40:31

CSV: BOPGDSPGjy0xE2mzk8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SR. PRESIDENTE

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157.2 do Regulamento da Cámara, **SOLICITA** que estean dispoñibles na vindeira Mesa da Comisión 5.^a, para a súa **inclusión na orde do día da primeira sesión que celebre a devandita Comisión**, as iniciativas con **número de rexistro 37.680, 40.514, 53.720 e 55.472**, por non ter sido respostadas en prazo.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA.

Asinado dixitalmente por:





Paula Vázquez Verao na data 11/11/2019 16:40:31



SR. PRESIDENTE

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157.2 do Regulamento da Cámara, **SOLICITA** que estean dispoñibles na vindeira Mesa da Comisión 5.^a, para a súa **inclusión na orde do día da primeira sesión que celebre a devandita Comisión**, as iniciativas con **número de rexistro 37.680, 40.514, 53.720 e 55.472**, por non ter sido respostadas en prazo.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA.

Asinado dixitalmente por:





Paula Vázquez Veroa na data 11/11/2019 16:40:31





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 8376**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Martín Fernández Prado e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os resultados da aplicación da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia”**, (publicada no BOPG número 110 do 4 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A través da aprobación da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia acadouse, por primeira vez, unha ordenación legal do sector do transporte público de persoas en vehículos de turismo na Comunidade Autónoma de Galicia. Entre os obxectivos que marcaron a elaboración desta lei figura, tanto a simplificación e harmonización das actuacións que corresponden ás administracións local e autonómica sobre a actividade do taxi, como a modernización e mellora da competitividade do sector.

Para concretar e avanzar no establecido neste texto legislativo, afianzando e completando os dereitos das persoas usuarias do taxi mediante o desenvolvemento dos dereitos recoñecidos nesta lei e para reforzar a competitividade do propio sector, o Goberno galego aprobou, no Consello da Xunta do 13 de setembro de 2018, o Regulamento de transporte público de persoas en vehículo de turismo de Galicia. Un regulamento que simplifica as tramitacións administrativas do sector relativas á xestión das súas licenzas; detalla o catálogo de dereitos dos usuarios dos taxis; desenvolve a creación das áreas territoriais de prestación conxunta; aposta pola mellora da accesibilidade; abre por primeira vez a posibilidade de autorizar aos taxis e ofrecerlles aos usuarios servizos compartidos mediante o pago por praza, dirixidos a zonas de baixas densidades de poboación; e desenvolve a previsión legal coa que todos os vehículos con autorización VTC (vehículos de turismo con condutor) en Galicia deberán



dispoñer dun distintivo identificativo da súa actividade.

A este respecto, o 22 de febreiro de 2019, o Diario Oficial de Galicia publicou a orde pola que se regulan os distintivos identificativos dos VTC domiciliados en Galicia, para permitir a fácil identificación deste tipo de vehículos e mellorar a convivencia entre este sector e o do taxi.

Cómpre indicar, ademais, que na Lei de medidas fiscais e administrativas que acompañan ao proxecto de Orzamentos da Xunta de 2020, inclúense modificacións da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, atendendo ás demandas formuladas polo propio sector, co obxectivo de dar maiores facilidades e alternativas, tanto ao sector do taxi, como aos seus usuarios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58455
Data envío: 05/11/2019 16:04:47.633

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/11/2019 16:04:44

CSV: BOPGDSPGjy0xE2mzk8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 12967**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Martín Fernández Prado e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os resultados da aplicación da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A través da aprobación da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia acadouse, por primeira vez, unha ordenación legal do sector do transporte público de persoas en vehículos de turismo na Comunidade Autónoma de Galicia. Entre os obxectivos que marcaron a elaboración desta lei figura, tanto a simplificación e harmonización das actuacións que corresponden ás administracións local e autonómica sobre a actividade do taxi, como a modernización e mellora da competitividade do sector.

Para concretar e avanzar no establecido neste texto legislativo, afianzando e completando os dereitos das persoas usuarias do taxi mediante o desenvolvemento dos dereitos recoñecidos nesta lei e para reforzar a competitividade do propio sector, o Goberno galego aprobou, no Consello da Xunta do 13 de setembro de 2018, o Regulamento de transporte público de persoas en vehículo de turismo de Galicia. Un regulamento que simplifica as tramitacións administrativas do sector relativas á xestión das súas licenzas; detalla o catálogo de dereitos dos usuarios dos taxis; desenvolve a creación das áreas territoriais de prestación conxunta; aposta pola mellora da accesibilidade; abre por primeira vez a posibilidade de autorizar aos taxis e ofrecerlles aos usuarios servizos compartidos mediante o pago por praza, dirixidos a zonas de baixas densidades de poboación; e desenvolve a previsión legal coa que todos os vehículos con autorización VTC (vehículos de turismo con condutor) en Galicia deberán



dispoñer dun distintivo identificativo da súa actividade.

A este respecto, o 22 de febreiro de 2019, o Diario Oficial de Galicia publicou a orde pola que se regulan os distintivos identificativos dos VTC domiciliados en Galicia, para permitir a fácil identificación deste tipo de vehículos e mellorar a convivencia entre este sector e o do taxi.

Cómpre indicar, ademais, que na Lei de medidas fiscais e administrativas que acompañan ao proxecto de Orzamentos da Xunta de 2020, inclúense modificacións da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, atendendo ás demandas formuladas polo propio sector, co obxectivo de dar maiores facilidades e alternativas, tanto ao sector do taxi, como aos seus usuarios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58454
Data envío: 05/11/2019 16:04:40.524

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/11/2019 16:04:37

CSV: BOPGDSPGjy0xE2mzk8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21855**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Martín Fernández Prado e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os resultados da aplicación da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia”**, (publicada no BOPG número 237 do 11 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A través da aprobación da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia acadouse, por primeira vez, unha ordenación legal do sector do transporte público de persoas en vehículos de turismo na Comunidade Autónoma de Galicia. Entre os obxectivos que marcaron a elaboración desta lei figura, tanto a simplificación e harmonización das actuacións que corresponden ás administracións local e autonómica sobre a actividade do taxi, como a modernización e mellora da competitividade do sector.

Para concretar e avanzar no establecido neste texto legislativo, afianzando e completando os dereitos das persoas usuarias do taxi mediante o desenvolvemento dos dereitos recoñecidos nesta lei e para reforzar a competitividade do propio sector, o Goberno galego aprobou, no Consello da Xunta do 13 de setembro de 2018, o Regulamento de transporte público de persoas en vehículo de turismo de Galicia. Un regulamento que simplifica as tramitacións administrativas do sector relativas á xestión das súas licenzas; detalla o catálogo de dereitos dos usuarios dos taxis; desenvolve a creación das áreas territoriais de prestación conxunta; aposta pola mellora da accesibilidade; abre por primeira vez a posibilidade de autorizar aos taxis e ofrecerlles aos usuarios servizos compartidos mediante o pago por praza, dirixidos a zonas de baixas densidades de poboación; e desenvolve a previsión legal coa que todos os vehículos con autorización VTC (vehículos de turismo con condutor) en Galicia deberán



dispoñer dun distintivo identificativo da súa actividade.

A este respecto, o 22 de febreiro de 2019, o Diario Oficial de Galicia publicou a orde pola que se regulan os distintivos identificativos dos VTC domiciliados en Galicia, para permitir a fácil identificación deste tipo de vehículos e mellorar a convivencia entre este sector e o do taxi.

Cómpre indicar, ademais, que na Lei de medidas fiscais e administrativas que acompañan ao proxecto de Orzamentos da Xunta de 2020, inclúense modificacións da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, atendendo ás demandas formuladas polo propio sector, co obxectivo de dar maiores facilidades e alternativas, tanto ao sector do taxi, como aos seus usuarios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58453
Data envío: 05/11/2019 16:04:33.852

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/11/2019 16:04:30

CSV: BOPGDSPGjy0xE2mzk8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno: **37095**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Martín Fernández Prado e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as principais novidades que introduce o Regulamento do taxi de Galicia co fin de potenciar este sector e favorecer a súa competitividade”**, (publicada no BOPG número 362 do 26 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

“O 13 de setembro de 2018, o Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se aproba o Regulamento de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, que vén desenvolver o contido da Lei 4/2013, entrando máis ao detalle na regulación de certos aspectos que aparecen recollidos xa na lei, afianzando e completando os dereitos dos usuarios e reforzando tamén a competitividade do sector.

Entre outras cuestións, este regulamento simplifica as tramitacións administrativas do sector do taxi relativas á xestión das súas licenzas; detalla o catálogo de dereitos dos usuarios dos taxis, que van desde a axuda no acceso e coa equipaxe, ata decidir sobre o aire acondicionado ou o volume da radio; desenvolve a creación das áreas territoriais de prestación conxunta, ámbitos de dous ou máis concellos limítrofes con influencia recíproca entre os servizos de taxi, nas que estes vehículos poderán operar no conxunto do territorio; mellora a accesibilidade, ao establecer que os vehículos con máis de 7 prazas, incluído o condutor, deberán dispoñer dunha praza adaptada para o transporte de persoas en cadeira de rodas; abre por primeira vez a posibilidade de autorizar aos taxis e ofrecerlles aos usuarios servizos compartidos mediante o pago por praza; e desenvolve a previsión legal coa que todos os vehículos con autorización VTC (vehículos de turismo con condutor) en Galicia deberán dispoñer dun distintivo identificativo da súa actividade, en aras de mellorar a convivencia entre este sector e o do taxi”.



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58452
Data envío: 05/11/2019 16:03:15.133

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/11/2019 16:03:12

CSV: BOPGDSPGjy0xE2Mzk8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión: **37094**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Martín Fernández Prado e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as principais novidades que introduce o Regulamento do taxi de Galicia co fin de potenciar este sector e favorecer a súa competitividade, as medidas que establece en relación cos dereitos das persoas usuarias e os obxectivos que persegue a Xunta de Galicia coa súa aprobación”**, (publicada no BOPG número 363 do 27 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

“O 13 de setembro de 2018, o Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se aproba o Regulamento de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, que vén desenvolver o contido da Lei 4/2013, entrando máis ao detalle na regulación de certos aspectos que aparecen recollidos xa na lei, afianzando e completando os dereitos dos usuarios e reforzando tamén a competitividade do sector.

Entre outras cuestións, este regulamento simplifica as tramitacións administrativas do sector do taxi relativas á xestión das súas licenzas; detalla o catálogo de dereitos dos usuarios dos taxis, que van desde a axuda no acceso e coa equipaxe, ata decidir sobre o aire acondicionado ou o volume da radio; desenvolve a creación das áreas territoriais de prestación conxunta, ámbitos de dous ou máis concellos limítrofes con influencia recíproca entre os servizos de taxi, nas que estes vehículos poderán operar no conxunto do territorio; mellora a accesibilidade, ao establecer que os vehículos con máis de 7 prazas, incluído o condutor, deberán dispoñer dunha praza adaptada para o transporte de persoas en cadeira de rodas; abre por primeira vez a posibilidade de autorizar aos taxis e ofrecerlles aos usuarios servizos compartidos mediante o pago por praza; e desenvolve a previsión legal coa que todos os vehículos con autorización VTC (vehículos de turismo con condutor) en Galicia deberán dispoñer dun distintivo identificativo da súa actividade, en aras de mellorar a convivencia entre este sector e o do taxi”.



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58456
Data envío: 05/11/2019 16:09:53.227

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/11/2019 16:09:50

CSV: BOPGDSPGjy0xE2mzk8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita: **47780**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre “ **as actuacións previstas polo Goberno galego para cubrir as necesidades de prazas de atención residencial para persoas maiores e de centro de día para persoas dependentes con diversidade funcional no concello de Culleredo**”, (publicada no BOPG número 447 do 22 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“O concello de Culleredo conta con medidas e recursos para atender ás persoas dependentes, o que sen dúbida contribúe a facilitar a conciliación das súas familias.

Neste senso, e de conformidade coas atribucións conferidas á Comunidade Autónoma, ditouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro de 2008 de servizos sociais de Galicia onde no seu artigo 20 establece o catálogo de servizos que serven a este fin, entre os que se contemplan:

- a atención residencial: aloxamento continuado ou temporal substitutivo do fogar;
- a atención diúrna: que ofrece coidados persoais e actividades de promoción e prevención que non requiran o ingreso nun centro residencial. Neste senso, o centro de día de Culleredo, xestionado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, conta cunha capacidade máxima de 60 prazas, das que 59 se atopan agora mesmo ocupadas;
- servizo de axuda no fogar: consistente en ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. En setembro do 2019 o concello de Culleredo contaba con 101 beneficiarios deste servizo;
- a teleasistencia social e outros servizos de carácter tecnolóxico: que procuren a permanencia das persoas usuarias no seu medio habitual ou o servizo de asistente persoal.

Por outro lado, Culleredo é un dos Concellos de Galicia que máis usuarios ten do programa Xantar na Casa.



A citada normativa tamén contempla a posibilidade de prestacións económicas tendentes a garantir o coidado de persoas con limitacións na súa autonomía persoal como son a libranza vinculada a la adquisición de servicios de atención a persoas en situación de dependencia, a libranza para coidados en el entorno familiar de persoas en situación de dependencia ou a libranza para la asistencia persoal de las persoas afectadas por una situación de gran dependencia. Prestacións económicas das que tamén se benefician usuarios do concello de Culleredo.

É importante resaltar que o Goberno galego continuará traballando para mellorar e ampliar as axudas e servizos que se prestan na nosa comunidade no eido da dependencia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58448
Data envío: 05/11/2019 16:02:47.477

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/11/2019 16:02:44

CSV: BOPGDSPGjy0xE2mzk8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 48494**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da situación laboral do Complexo Residencial de Persoas Dependentes de Vigo, a súa opinión referida á sanción imposta recentemente a catro auxiliares de enfermería e as medidas previstas para diminuír a conflictividade laboral no centro”**, (publicada no BOPG número 459 do 10 de abril de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Complexo Residencial de Atención a Persoas Dependentes de Vigo está formado por dous centros de traballo (Vigo I e Vigo II) con 454 prazas autorizadas para persoas dependentes.

A relación de postos de traballo do CRAPD é de 386 traballadores, distribuídos do seguinte xeito: 294 efectivos en Vigo I e 92 en Vigo II.

O rateo de persoal esixida pola normativa vixente, calculada segundo o número de residentes, é de 122,95 traballadores de atención directa.

A rateo do centro de persoal de atención directa, segundo a RPT é de 214,4, polo que supera a rateo legalmente establecida.

A situación laboral dun complexo desta magnitude, tendo en conta a diversidade do persoal, dos propios usuarios e as súas familias, é a normal entre a Administración Pública, que debe xestionar un adecuado servizo aos residentes e as reivindicacións laborais da parte social representada no comité de empresa.

O expediente disciplinario incoado a catro auxiliares de enfermería do CRAPD iniciouse a proposta da Xefatura Territorial de Política Social en Vigo, previa petición do director do CRAPD formulada a raíz dunha reclamación presentada pola filla dun residente.

Segundo os datos que constan no expediente disciplinario, as traballadoras negáronse a cumprir coas obrigacións inherentes ao seu posto de traballo, isto é, a asistir aos residentes nas actividades básicas da súa vida diaria (apoio á deambulación e traslado) incumprindo as ordes da responsable asistencial, do departamento médico e de enfermería.



Respecto da proporcionalidade da sanción, precisar que na resolución da Consellería de Política Social realízase unha valoración xurídica dos feitos distinta da que figura na proposta do instrutor do expediente disciplinario aplicando a circunstancia atenuante de ausencia de prexuízos relevantes para a Administración Pública e para os cidadáns, o que permite impoñer unha sanción das previstas na Lei do emprego público de Galicia para as infraccións de menor gravidade que a cometida.

En definitiva, substituíuse a sanción proposta pola instrutora, suspensión de emprego e soldo de 15 días e exclusión das listas de espera ou bolsas de emprego por un período dun ano e un día, por outra de suspensión de emprego e soldo de 10 días e exclusión da totalidade das listas de espera ou bolsas de emprego polo mesmo período.

En calquera caso, a tramitación deste expediente disciplinario respectou escrupulosamente, tanto na forma como no fondo, a normativa que regula a súa tramitación, propia dun estado de dereito como o que nos rexe. En congruencia co antedito a sanción imposta é a recollida na normativa vixente para este tipo de infraccións administrativas.

Á Xefatura Territorial de Vigo non lle consta unha situación de conflictividade laboral, máis alá das situacións lóxicas que se plantexan nun complexo desta entidade, cun elevado número de traballadores de diferentes categorías. Como en toda gran organización existen incidencias puntuais que son tratadas polas vías procedimentais correspondentes (reclamacións laborais, expedientes informativos, trámites de audiencia etc)

De forma constante e permanente existe un diálogo fluído coa parte social (comité de empresa, seccións e organizacións sindicais) e cos propios traballadores por parte de todos os interlocutores do staff administrativo (Xefatura Territorial, xefa de Servizo de Coordinación Administrativa, dirección do centro, responsable de persoal e xefes de departamento) para resolver, na medida do posible, as cuestións presentadas, laborais ou doutra índole.

A atención é tanto presencial como telefónica, individual ou colectiva, programada ou sen cita previa.

Con carácter xeral, substitúense todos os permisos, as vacacións e as incapacidades temporais dos traballadores do CRAPD.

Como única excepción, os permisos por asuntos particulares, teñen un tratamento diferenciado xa que o seu goce está condicionado ás necesidades do servizo.





En calquera caso, para os asuntos particulares non autorizados por razóns de servizo durante o ano natural, e para evitar a súa caducidade a 31 de xaneiro, procédese de xeito extraordinario á contratación de persoal substituto.

O persoal laboral da Xunta de Galicia ten unha xornada máxima anual de 1665 horas segundo disposto no V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

O persoal do CRAPD realiza unha xornada laboral inferior á establecida. Isto é, a maioría dos traballadores ven minorada a súa xornada en varios días de traballo en cómputo anual respecto do máximo establecido ao que hai que sumar os permisos e licenzas contemplados na normativa aplicable, que teñen a consideración de xornadas efectivas de traballo.

Por outra banda, o Servizo de Prevención de Riscos laborais leva a cabo actividades formativas nos centros co fin de mellorar as técnicas de manipulación de usuarios e co fin de eliminar, ou no seu caso atenuar, a probabilidade de dano por sobreesforzos (manual de cargas, de pacientes, carga física, risco postural, retirada de bandexas e carros ...) nas categorías profesionais con máis risco.

Temos que ter ademais presente que todo o persoal laboral do CRAPD ten recoñecido en RPT o plus de penosidade no traballo (B18); o persoal a quendas percibe ademais o complemento de especial adicación (B14) e segundo a categoría profesional e a ubicación do posto de traballo teñen asignados ademais os pluses de responsabilidade e perigosidade (B12 e B10, respectivamente). Todo o persoal de Vigo I, 294 traballadores, cobra o plus de perigosidade.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58446
Data envío: 05/11/2019 16:02:33.711

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/11/2019 16:02:30

CSV: BOPGDSPGjy0xE2mzk8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita: **48842**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez, dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre “**os datos referidos á acreditación da cesión ou contratación de inmobles propiedade do Concello das Nogais por dúas persoas solicitantes de axudas para a posta en funcionamento de casas de maiores ao abeiro da Orde do 24 de agosto de 2018**”, (publicada no BOPG número 463 do 17 de abril de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“Con data 31 de outubro de 2018 dítase resolución da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, pola que se publican os requirimentos de emenda de documentación das solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 24 de agosto, publicada no Diario Oficial de Galicia o 12 de novembro de 2018 (DOG Núm. 215).

No anexo da mencionada resolución requírese ás promotoras titulares dos expedientes 36/2018/BS212A e 37/2018/BS212A a documentación acreditativa da dispoñibilidade do inmovible.

Con data de rexistro 15/11/2018 achégase a documentación solicitada no que acreditan a disposición de inmovible para desenvolver a actividade subvencionada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58445
Data envío: 05/11/2019 16:02:26.899

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/11/2019 16:02:24

CSV: BOPGDSPGjy0xE2Mzk8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno: **42130**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Martín Fernández Prado e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o Regulamento do Taxi de Galicia**”, (publicada no BOPG número 410 do 14 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

“O 13 de setembro de 2018, o Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se aproba o Regulamento de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, que vén desenvolver o contido da Lei 4/2013, entrando máis ao detalle na regulación de certos aspectos que aparecen recollidos xa na lei, afianzando e completando os dereitos dos usuarios e reforzando tamén a competitividade do sector.

Entre outras cuestións, este regulamento simplifica as tramitacións administrativas do sector do taxi relativas á xestión das súas licenzas; detalla o catálogo de dereitos dos usuarios dos taxis, que van desde a axuda no acceso e coa equipaxe, ata decidir sobre o aire acondicionado ou o volume da radio; desenvolve a creación das áreas territoriais de prestación conxunta, ámbitos de dous ou máis concellos limítrofes con influencia recíproca entre os servizos de taxi, nas que estes vehículos poderán operar no conxunto do territorio; mellora a accesibilidade, ao establecer que os vehículos con máis de 7 prazas, incluído o condutor, deberán dispoñer dunha praza adaptada para o transporte de persoas en cadeira de rodas; abre por primeira vez a posibilidade de autorizar aos taxis e ofrecerlles aos usuarios servizos compartidos mediante o pago por praza; e desenvolve a previsión legal coa que todos os vehículos con autorización VTC (vehículos de turismo con condutor) en Galicia deberán dispoñer dun distintivo identificativo da súa actividade, en aras de mellorar a convivencia entre este sector e o do taxi”.



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58450
Data envío: 05/11/2019 16:03:01.539

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/11/2019 16:02:58

CSV: BOPGDSPGjy0xE2Mzk8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 48492**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da situación laboral do Complexo Residencial de Persoas Dependentes de Vigo”**, (publicada no BOPG número 458 do 9 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Complexo Residencial de Atención a Persoas Dependentes de Vigo está formado por dous centros de traballo (Vigo I e Vigo II) con 454 prazas autorizadas para persoas dependentes.

A relación de postos de traballo do CRAPD é de 386 traballadores, distribuídos do seguinte xeito: 294 efectivos en Vigo I e 92 en Vigo II.

O rateo de persoal esixida pola normativa vixente, calculada segundo o número de residentes, é de 122,95 traballadores de atención directa.

A rateo do centro de persoal de atención directa, segundo a RPT é de 214,4, polo que supera a rateo legalmente establecida.

A situación laboral dun complexo desta magnitude, tendo en conta a diversidade do persoal, dos propios usuarios e as súas familias, é a normal entre a Administración Pública, que debe xestionar un adecuado servizo aos residentes e as reivindicacións laborais da parte social representada no comité de empresa.

O expediente disciplinario incoado a catro auxiliares de enfermería do CRAPD iniciouse a proposta da Xefatura Territorial de Política Social en Vigo, previa petición do director do CRAPD formulada a raíz dunha reclamación presentada pola filla dun residente.

Segundo os datos que constan no expediente disciplinario, as traballadoras negáronse a cumprir coas obrigacións inherentes ao seu posto de traballo, isto é, a asistir aos residentes nas actividades básicas da súa vida diaria (apoio á deambulación e traslado) incumprindo as ordes da responsable asistencial, do departamento médico e de enfermería.



Respecto da proporcionalidade da sanción, precisar que na resolución da Consellería de Política Social realízase unha valoración xurídica dos feitos distinta da que figura na proposta do instrutor do expediente disciplinario aplicando a circunstancia atenuante de ausencia de prexuízos relevantes para a Administración Pública e para os cidadáns, o que permite impoñer unha sanción das previstas na Lei do emprego público de Galicia para as infraccións de menor gravidade que a cometida.

En definitiva, substituíuse a sanción proposta pola instrutora, suspensión de emprego e soldo de 15 días e exclusión das listas de espera ou bolsas de emprego por un período dun ano e un día, por outra de suspensión de emprego e soldo de 10 días e exclusión da totalidade das listas de espera ou bolsas de emprego polo mesmo período.

En calquera caso, a tramitación deste expediente disciplinario respectou escrupulosamente, tanto na forma como no fondo, a normativa que regula a súa tramitación, propia dun estado de dereito como o que nos rexe. En congruencia co antedito a sanción imposta é a recollida na normativa vixente para este tipo de infraccións administrativas.

Á Xefatura Territorial de Vigo non lle consta unha situación de conflitividade laboral, máis alá das situacións lóxicas que se plantexan nun complexo desta entidade, cun elevado número de traballadores de diferentes categorías. Como en toda gran organización existen incidencias puntuais que son tratadas polas vías procedimentais correspondentes (reclamacións laborais, expedientes informativos, trámites de audiencia etc)

De forma constante e permanente existe un diálogo fluído coa parte social (comité de empresa, seccións e organizacións sindicais) e cos propios traballadores por parte de todos os interlocutores do staff administrativo (Xefatura Territorial, xefa de Servizo de Coordinación Administrativa, dirección do centro, responsable de persoal e xefes de departamento) para resolver, na medida do posible, as cuestións presentadas, laborais ou doutra índole.

A atención é tanto presencial como telefónica, individual ou colectiva, programada ou sen cita previa.

Con carácter xeral, substitúense todos os permisos, as vacacións e as incapacidades temporais dos traballadores do CRAPD.

Como única excepción, os permisos por asuntos particulares, teñen un tratamento diferenciado xa que o seu goce está condicionado ás necesidades do servizo.





En calquera caso, para os asuntos particulares non autorizados por razóns de servizo durante o ano natural, e para evitar a súa caducidade a 31 de xaneiro, procédese de xeito extraordinario á contratación de persoal substituto.

O persoal laboral da Xunta de Galicia ten unha xornada máxima anual de 1665 horas segundo disposto no V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

O persoal do CRAPD realiza unha xornada laboral inferior á establecida. Isto é, a maioría dos traballadores ven minorada a súa xornada en varios días de traballo en cómputo anual respecto do máximo establecido ao que hai que sumar os permisos e licenzas contemplados na normativa aplicable, que teñen a consideración de xornadas efectivas de traballo.

Por outra banda, o Servizo de Prevención de Riscos laborais leva a cabo actividades formativas nos centros co fin de mellorar as técnicas de manipulación de usuarios e co fin de eliminar, ou no seu caso atenuar, a probabilidade de dano por sobreesforzos (manual de cargas, de pacientes, carga física, risco postural, retirada de bandexas e carros ...) nas categorías profesionais con máis risco.

Temos que ter ademais presente que todo o persoal laboral do CRAPD ten recoñecido en RPT o plus de penosidade no traballo (B18); o persoal a quendas percibe ademais o complemento de especial adicación (B14) e segundo a categoría profesional e a ubicación do posto de traballo teñen asignados ademais os pluses de responsabilidade e perigosidade (B12 e B10, respectivamente). Todo o persoal de Vigo I, 294 traballadores, cobra o plus de perigosidade.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58447
Data envío: 05/11/2019 16:02:40.789

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/11/2019 16:02:37

CSV: BOPGDSPGjy0xE2mzk8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión: **42129**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Martín Fernández Prado e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o Regulamento do Taxi de Galicia**”, (publicada no BOPG número 411 do 15 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade** que ten o seguinte contido:

“O 13 de setembro de 2018, o Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se aproba o Regulamento de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, que vén desenvolver o contido da Lei 4/2013, entrando máis ao detalle na regulación de certos aspectos que aparecen recollidos xa na lei, afianzando e completando os dereitos dos usuarios e reforzando tamén a competitividade do sector.

Entre outras cuestións, este regulamento simplifica as tramitacións administrativas do sector do taxi relativas á xestión das súas licenzas; detalla o catálogo de dereitos dos usuarios dos taxis, que van desde a axuda no acceso e coa equipaxe, ata decidir sobre o aire acondicionado ou o volume da radio; desenvolve a creación das áreas territoriais de prestación conxunta, ámbitos de dous ou máis concellos limítrofes con influencia recíproca entre os servizos de taxi, nas que estes vehículos poderán operar no conxunto do territorio; mellora a accesibilidade, ao establecer que os vehículos con máis de 7 prazas, incluído o condutor, deberán dispoñer dunha praza adaptada para o transporte de persoas en cadeira de rodas; abre por primeira vez a posibilidade de autorizar aos taxis e ofrecerlles aos usuarios servizos compartidos mediante o pago por praza; e desenvolve a previsión legal coa que todos os vehículos con autorización VTC (vehículos de turismo con condutor) en Galicia deberán dispoñer dun distintivo identificativo da súa actividade, en aras de mellorar a convivencia entre este sector e o do taxi”.



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58451
Data envío: 05/11/2019 16:03:08.383

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/11/2019 16:03:05

CSV: BOPGDSPGjy0xE2mzk8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión: **47779**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre “ **as actuacións previstas polo Goberno galego para cubrir as necesidades de prazas de atención residencial para persoas maiores e de centro de día para persoas dependentes con diversidade funcional no concello de Culleredo**”, (publicada no BOPG número 446 do 21 de marzo de 2019), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“O concello de Culleredo conta con medidas e recursos para atender ás persoas dependentes, o que sen dúbida contribúe a facilitar a conciliación das súas familias.

Neste senso, e de conformidade coas atribucións conferidas á Comunidade Autónoma, ditouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro de 2008 de servizos sociais de Galicia onde no seu artigo 20 establece o catálogo de servizos que serven a este fin, entre os que se contemplan:

- a atención residencial: aloxamento continuado ou temporal substitutivo do fogar;
- a atención diúrna: que ofrece coidados persoais e actividades de promoción e prevención que non requiran o ingreso nun centro residencial. Neste senso, o centro de día de Culleredo, xestionado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, conta cunha capacidade máxima de 60 prazas, das que 59 se atopan agora mesmo ocupadas;
- servizo de axuda no fogar: consistente en ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. En setembro do 2019 o concello de Culleredo contaba con 101 beneficiarios deste servizo;
- a teleasistencia social e outros servizos de carácter tecnolóxico: que procuren a permanencia das persoas usuarias no seu medio habitual ou o servizo de asistente persoal.

Por outro lado, Culleredo é un dos Concellos de Galicia que máis usuarios ten do programa Xantar na Casa.



A citada normativa tamén contempla a posibilidade de prestacións económicas tendentes a garantir o coidado de persoas con limitacións na súa autonomía persoal como son a libranza vinculada a la adquisición de servicios de atención a persoas en situación de dependencia, a libranza para coidados en el entorno familiar de persoas en situación de dependencia ou a libranza para la asistencia persoal de las persoas afectadas por una situación de gran dependencia. Prestacións económicas das que tamén se benefician usuarios do concello de Culleredo.

É importante resaltar que o Goberno galego continuará traballando para mellorar e ampliar as axudas e servizos que se prestan na nosa comunidade no eido da dependencia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58449
Data envío: 05/11/2019 16:02:54.430

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/11/2019 16:02:51

CSV: BOPGDSPGjy0xE2mzk8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58509

Data envío: 06/11/2019 15:06:48.434

Data 06/11/2019 15:06

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 52758**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona María Luisa Pierres López, sobre **“a opinión do goberno galego en relación á sentenza do Tribunal Supremo de 21 de maio de 2019, que declarou nulo o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa”**, (publicada no BOPG número 513 do 30 de xullo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Non consta que a sentenza á que se alude na iniciativa afecte ao Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, que está vixente na súa integridade, tras a aprobación por Real Decreto 11/2016, de 8 de xaneiro.

Desde Augas de Galicia séguese a traballar con normalidade no seguimento do dito plan e na redacción dos documentos do novo ciclo, conforme ao establecido pola normativa vixente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021

página 1 de 1

CSV: BOPGDSPGjy0xE2Mzk8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58509
Data envío: 06/11/2019 15:06:48.434

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/11/2019 15:06:33

CSV: BOPGDSPGjy0xE2mzk8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 55092**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da realización de novas verteduras a só dúas millas da franxa de protección da Illa de Sálvora, na ría de Arousa, e, se é o caso, as medidas que vai adoptar para garantir a preservación do valor ambiental dese espazo”**, (publicada no BOPG número 529 do 12 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 30 de setembro de 2019 pola presidenta de Portos de Galicia, en resposta á pregunta oral 55091.

Na súa intervención, a presidenta de Portos de Galicia, respondeu ás cuestións expostas sobre a realización de novas verteduras a só dúas millas da franxa de protección da illa de Sálvora, na ría de Arousa, e, se é o caso, as medidas que vai adoptar para garantir a preservación do valor ambiental dese espazo.

A citada intervención pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-09-30?part=817cbe18-4127-434e-bc6a-d9ad843fcb3&start=98>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58444
Data envío: 05/11/2019 16:02:20.227

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/11/2019 16:02:16

CSV: BOPGDSPGjy0xE2Mzk8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 55600**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Consellería do Mar respecto do proxecto de ampliación da depuradora situada na punta Abelleira, no concello de Muros, a solicitude á entidade promotora da correspondente tramitación ambiental e as actuacións previstas para evitar o seu impacto nos bancos marisqueiros”**, (publicada no BOPG número 534 do 19 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 8ª do pasado 11 de outubro de 2019 pola secretaria xeral técnica da Consellería do Mar, en resposta á pregunta oral 55601.

Na súa intervención respondeu ás cuestións expostas sobre a opinión da Consellería do Mar respecto do proxecto de ampliación da depuradora situada na Punta Abelleira, no concello de Muros, a solicitude á entidade promotora da correspondente tramitación ambiental e as actuacións previstas para evitar o seu impacto nos bancos marisqueiros”.

Pode consultarse tal intervención no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2019-10-11?part=bc98195b-83c5-4378-80e1-37974abc3b4c&start=188>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58443
Data envío: 05/11/2019 16:02:13.086

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/11/2019 16:02:09

CSV: BOPGDSPGjy0xE2mzk8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita número: **56462**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora da Consellería de Sanidade na posta en marcha das actuacións referidas á endometriose, reflectidas no acordo parlamentario ao respecto”**, (publicada no BOPG número 541 do 3 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade ten postas en marcha as medidas definidas na proposición non de lei número 35719 aprobada por unanimidade pola Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión celebrada o 22 de abril de 2015.

Na Consellería de Sanidade e no Servizo Galego de Saúde vense traballando para acadar unha atención integral de calidade á saúde das mulleres, seguindo as liñas definidas na Estratexia SERGAS. Isto inclúe as actuacións que permitan dar resposta aos distintos aspectos que precisa a atención integral ás mulleres con sospeita/diagnóstico de endometriose.

En todos os servizos de xinecoloxía de cada EOXI existe unha consulta específica ou integrada con outras enfermidades xinecolóxicas que permite garantir unha atención de boa calidade ás mulleres con sospeita/diagnóstico de endometriose, adaptada á demanda existente.

En cada unha delas establécese un circuíto asistencial no que se inclúe a derivación a outras unidades como son cirurxía ou esterilidade.

Consideramos que a atención que se está a prestar na actualidade é asumible cos recursos dispoñibles, tendo en conta que esta patoloxía afecta a arredor do 10% das mulleres en idade fértil e destas só o 25 % terán un grao IV.

Tendo en conta que os hospitais de segundo e terceiro nivel da rede pública do Servizo Galego de Saúde están capacitados para o tratamento multidisciplinar de casos complexos, non se considera imprescindible a necesidade de crear as unidades multidisciplinares de momento.

Dende a Subdirección Xeral de Atención ao Cidadán e Calidade, a través da Escola Galega de



Saúde para Cidadáns, no ano 2016 organizáronse dúas actividades formativas en estreita relación con esta patoloxía dirixidas a pacientes e cidadanía en xeral: curso titulado ‘A endometriose’ e o curso titulado ‘Muller e saúde’.

A Subdirección Xeral de Atención ao Cidadán e Calidade púxose a disposición da Asociación querENDO en canto á difusión de calquera iniciativa de formación e información para a cidadanía sobre esta realidade; en concreto propúxose a posibilidade de realizar o foro ‘O experto responde’ sobre este tema.

A ‘Guía de atención a las mujeres con endometriosis en el Sistema Nacional de Salud (SNS)’ está a disposición de todas/os cidadáns/cidadás na web da Escola Galega de Saúde para Cidadáns.

A través do portal É Saúde da Consellería de Sanidade, tamén se pode atopar esta guía, así coma no espazo Cidadanía da páxina do Servizo Galego de Saúde.

Na reunión do Consello Reitor do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS) do 20 de maio de 2016, tratouse a necesidade de promover a investigación sobre a endometriose. Recollido textualmente na acta de dita reunión baixo o punto ‘Fomento da investigación sobre endometriose’.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58442
Data envío: 05/11/2019 16:01:57.368

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/11/2019 16:01:54

CSV: BOPGDSPGjy0xE2mzk8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita número: **56664**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora do Goberno galego no cumprimento do acordo parlamentario do 22 de abril de 2015 referido á detección, tratamento e investigación da endometriose en Galicia”**, (publicada no BOPG número 544 do 9 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade ten postas en marcha as medidas definidas na proposición non de lei número 35719 aprobada por unanimidade pola Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión celebrada o 22 de abril de 2015.

Na Consellería de Sanidade e no Servizo Galego de Saúde vense traballando para acadar unha atención integral de calidade á saúde das mulleres, seguindo as liñas definidas na Estratexia SERGAS. Isto inclúe as actuacións que permitan dar resposta aos distintos aspectos que precisa a atención integral ás mulleres con sospeita/diagnóstico de endometriose.

En todos os servizos de xinecoloxía de cada EOXI existe unha consulta específica ou integrada con outras enfermidades xinecolóxicas que permite garantir unha atención de boa calidade ás mulleres con sospeita/diagnóstico de endometriose, adaptada á demanda existente.

En cada unha delas establécese un circuíto asistencial no que se inclúe a derivación a outras unidades como son cirurxía ou esterilidade.

Consideramos que a atención que se está a prestar na actualidade é asumible cos recursos dispoñibles, tendo en conta que esta patoloxía afecta a arredor do 10% das mulleres en idade fértil e destas só o 25 % terán un grao IV.

Tendo en conta que os hospitais de segundo e terceiro nivel da rede pública do Servizo Galego de Saúde están capacitados para o tratamento multidisciplinar de casos complexos, non se considera imprescindible a necesidade de crear as unidades multidisciplinares de momento.

Dende a Subdirección Xeral de Atención ao Cidadán e Calidade, a través da Escola Galega de



Saúde para Cidadáns, no ano 2016 organizáronse dúas actividades formativas en estreita relación con esta patoloxía dirixidas a pacientes e cidadanía en xeral: curso titulado ‘A endometriose’ e o curso titulado ‘Muller e saúde’.

A Subdirección Xeral de Atención ao Cidadán e Calidade púxose a disposición da Asociación querENDO en canto á difusión de calquera iniciativa de formación e información para a cidadanía sobre esta realidade; en concreto propúxose a posibilidade de realizar o foro ‘O experto responde’ sobre este tema.

A ‘Guía de atención a las mujeres con endometriosis en el Sistema Nacional de Salud (SNS)’ está a disposición de todas/os cidadáns/cidadás na web da Escola Galega de Saúde para Cidadáns.

A través do portal É Saúde da Consellería de Sanidade, tamén se pode atopar esta guía, así coma no espazo Cidadanía da páxina do Servizo Galego de Saúde.

Na reunión do Consello Reitor do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS) do 20 de maio de 2016, tratouse a necesidade de promover a investigación sobre a endometriose. Recollido textualmente na acta de dita reunión baixo o punto ‘Fomento da investigación sobre endometriose’.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58441
Data envío: 05/11/2019 16:01:50.727

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/11/2019 16:01:47

CSV: BOPGDSPGjy0xE2Mzk8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 56956**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as intencións do Goberno galego referidas á retirada das especialidades de Pedagogía Terapéutica (PT) e de Audición e Linguaxe (AL) do catálogo de persoal dos centros de Infantil e Primaria, se é o caso, as razóns desta medida e a súa opinión respecto da suficiencia dos mestres delas que hai no ensino público”**, (publicada no BOPG número 544 do 9 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación. Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 56954 e debatida na Comisión 4ª de data 18/10/2019, á que nos remitimos porque serviu para aclarar a situación real.

Nos últimos anos o sistema educativo galego conta con máis PT e máis AL dos que lle corresponde en aplicación estrita dos criterios de tipoloxía de centro recollidos no Acordo do Catálogo de Postos de Traballo asinado por todos os sindicatos en 2007.

O debate pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2019-10-18?part=c9929cf2-1abc-4e5f-9bfe-d65c6a753e5b&start=1789>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58508
Data envío: 06/11/2019 15:06:22.513

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/11/2019 15:05:57

CSV: BOPGDSPGjy0xE2Mzk8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita número: **57229**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora e os prazos previstos polo Goberno galego para o remate das obras e a posta en funcionamento da estación meteorolóxica de Cospeito, así como a valoración que fai do estado en que aquelas se atopan á entrada da lagoa”**, (publicada no BOPG número 548 do 17 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 29 de outubro de 2019 pola directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, en resposta oral á pregunta oral 57226.

Na súa intervención, a directora xeral respondeu ás cuestións expostas sobre as razóns da demora e os prazos previstos polo Goberno galego para o remate das obras e a posta en funcionamento da estación meteorolóxica de Cospeito, así como a valoración que fai do estado en que aquelas se atopan á entrada da lagoa.

A citada intervención pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-10-29>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58440
Data envío: 05/11/2019 16:01:43.993

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/11/2019 16:01:31

CSV: BOPGDSPGjy0xE2Mzk8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

